

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO ORDINARIO DA CORPORACIÓN DO 27 DE FEBREIRO DO 2023.**

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o vinte e sete de febreiro do dous mil vinte e tres, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas.

**Preside o Sr. Alcalde:** D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

**Asisten:**

**Sres/as. Concelleiros/as:**

**Grupo municipal Socialista:** Dna. Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodriguez, D. Iban Torres Rodríguez, D<sup>a</sup> Pilar Espinosa Novelle, Dna. Marina M<sup>a</sup> Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira e D. Miguel Tomé López e D<sup>a</sup> Margarita López Rodríguez.

**Grupo Municipal do Partido Popular:** Dna. Katherinie Varela Fernández e D. Victor Manuel Rodríguez López.

**Grupo Mixto:**

**Bloque Nacionalista Galego:** D. Emilio José Sánchez Iglesias

**Esperta Monforte:** D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

**Secretario:** D. José Antonio Mourelle Cillero.

**Interventora accidental:** María Inmaculada Buján Arias

Non asisten os Concelleiros D. José Luis Losada Fernández, D. Roberto Eireos Saez e D. Manuel Rodríguez Martínez.

### **ORDE DO DÍA:**

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO 30 DE XANEIRO DO 2023.**

**2º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se da conta: do 25.01.2023 AO 21.02.2023.**

### **PARTE RESOLUTIVA**

**3º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN LIXO EXERCICIO 2023.**

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-ESPERTA MONFORTE) e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta:

*Acta Pleno ordinario 27.02.23*

“A Resolución de 27.01.2023 da Consellería de medio ambiente, territorio e vivenda fixo público o importe actualizado do canon unitario por tratamento de residuos domésticos aplicable durante o exercicio 2023, no marco do sistema promovido pola Xunta de Galicia para a xestión institucional dos residuos de competencia municipal e xestionado pola Sociedade Galega de Medio Ambiente SA (Sogama), no importe de 66,00€ por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao IVE.

Así mesmo estableceu unha bonificación sobre o canon anterior, por importe do 15%. Establecéndose así un canon bonificado en 56,10 € por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao IVE.

O devandito canon é de aplicación a aquelas entidades locais que cumpran no ano 2022 as condicións específicas establecidas no punto tres bis da disposición adicional vixésima primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, e cumpran igualmente no ano 2023 as condicións establecidos nesta.

O importe da redución do custo para o Concello de Monforte calcularase tendo en conta as toneladas reais xestionadas no exercicio anterior e a facturación de SOGAMA se ao Concello de Monforte non se lle aplicase a bonificación do 15 % en 2023:

PREVISIÓN FACTURACIÓN EXERCICIO 2023 SEN REBAIXA

2023	TM	66,00	+IVE
ENERO	511,35	33.749,10	37.124,01
FEBRERO	464,27	30.641,82	33.706,00
MARZO	540,16	35.650,56	39.215,62
ABRIL	529,42	34.941,72	38.435,89
MAYO	566,84	37.411,44	41.152,58
JUNIO	561,80	37.078,80	40.786,68
JULIO	520,30	34.339,80	37.773,78
AGOSTO	650,99	42.965,34	47.261,87
SEPTIEM BRE	562,69	37.137,54	40.851,29
OCTUBRE	541,88	35.764,08	39.340,49
NOVIEMB RE	525,91	34.710,06	38.181,07
DICIEMBR E	557,99	36.827,34	40.510,07
	6.533,60		474.339,36 (A)

PREVISIÓN FACTURACIÓN EXERCICIO 2023 CON BONIFICACIÓN

2023	TM	56,10	+IVE
ENERO	511,35	28.686,74	31.555,41
FEBRERO	464,27	26.045,55	28.650,10
MARZO	540,16	30.302,98	33.333,27
ABRIL	529,42	29.700,46	32.670,51
MAYO	566,84	31.799,72	34.979,70
JUNIO	561,80	31.516,98	34.668,68
JULIO	520,30	29.188,83	32.107,71
AGOSTO	650,99	36.520,54	40.172,59
SEPTIEMBR E	562,69	31.566,91	34.723,60
OCTUBRE	541,88	30.399,47	33.439,41
NOVIEMBR E	525,91	29.503,55	32.453,91
DICIEMBRE	557,99	31.303,24	34.433,56
	6.533,60		403.188,46 (B)

Para o cálculo do importe a repercutir considerarase a diferenza entre (A) e (B) e calcularase a porcentaxe que supón sobre o importe liquidado polo concepto de lixo no exercicio 2022 (datos de contabilidade a 13/02/2023).

DIFERENCIA A REPERCUTIR ÓS USUARIOS (A)-(B)	71.150,90
---	-----------

LIQUIDACIÓN CONCEPTO LIXO NO EXERCICIO 2022	1.127.584,66
---	--------------

EN PORCENTAXE A REDUCIR POR RECIBO	6,31%
------------------------------------	-------

A redución aplicarase con efectos do día 01.01.2023 e ata o 31.12.2023. O efecto orzamentario será nulo xa que o descenso na recadación compensa o descenso en gastos pola facturación de SOGAMA.

Vistos os datos segundo o cal a diminución no importe do gasto relativo ao tratamento de residuos sólidos urbanos en relación ao repercutido aos beneficiarios do servizo polo concepto da TAXA POLA RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACION LIXO, supón unha porcentaxe do 6,31% **PROPONSE** ao Pleno Municipal adoptar o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar provisionalmente as modificación do artigo 6 da Ordenanza Fiscal REGULADORA DA TAXA POLA RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACION LIXO quedando redactada do seguinte xeito:

### **ARTIGO 6º.- COTA TRIBUTARIA**

A cota tributaria verá determinada en función da natureza, destino, e superficie do local de acordo co seguinte cadro de tarifas:

DESCRICIÓN	€/BIMESTRE 1º-2ºBIM 2023	€/BIMESTRE 3º-6ºBIM 2023
<b>Vivendas</b>		
Zona Urbana	14,23 €	12,88€
Zona Rural	7,13 €	6,46€
<b>Actividades</b>		
Locais sen actividade	14,23 €	12,88 €
Servizos de restaurantes, cafeterías e bares e establecementos similares		
No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 671, 672, 673, 674,675, 676, 677		
Ata 20 m <sup>2</sup>	33,21 €	30,07 €
De 21 m <sup>2</sup> a 100 m <sup>2</sup>	49,84 €	45,12 €
De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup>	66,45 €	60,16 €
De 201 m <sup>2</sup> a 400 m <sup>2</sup>	99,65 €	90,22€
De 401 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>	149,48 €	135,33€
Máis de 1000 m <sup>2</sup> (por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso)	83,03 €	75,17€
Salas de festa, salas de xogo e establecementos similares		
No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 965, 969		
Ata 100 m <sup>2</sup>	51,25 €	46,4
De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup>	73,48 €	66,53
De 201 m <sup>2</sup> a 400 m <sup>2</sup>	122,47 €	110,88
De 401 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>	171,46 €	155,23
Máis de 1000 m <sup>2</sup> (por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso)	97,97 €	88,7
Establecementos alimentación, supermercados, hipermercados e similares		
No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 641, 642, 643, 644,645,647, 661, 662		
Ata 20 m <sup>2</sup>	39,85 €	36,08 €
De 21 m <sup>2</sup> a 100 m <sup>2</sup>	59,79 €	54,13 €
De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup>	79,73 €	72,18 €
De 201 m <sup>2</sup> a 400 m <sup>2</sup>	119,59 €	108,27€
De 401 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>	179,38 €	162,4 €



SECRETARIA

Máis de 1000 m <sup>2</sup> (por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso)	99,65 €	90,22 €
<i>Hoteis, Moteis, Hostais, Fondas, Residencias, Pensión, Casas de Hóspedes, Aloxamentos Turísticos, Hospitais e establecementos similares</i>		
<i>No seu caso, equivalencia no IAE Agrupación 68, Grupos 935, 941, 951</i>		
<i>Con servizo de restaurante, bar ou cafetería</i>		
Ata 100 m <sup>2</sup>	21,93 €	19,85€
De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup>	31,44 €	28,46 €
De 201 m <sup>2</sup> a 400 m <sup>2</sup>	52,38 €	47,42€
De 401 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>	73,33 €	66,39€
Máis de 1000 m <sup>2</sup> (por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso)	39,05 €	35,35€
<i>Sen servizo de restaurante, bar ou cafetería</i>		
Ata 100 m <sup>2</sup>	19,93	18,04
De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup>	29,89	27,06
De 201 m <sup>2</sup> a 400 m <sup>2</sup>	49,84	45,12
De 401 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>	69,75	63,15
Máis de 1000 m <sup>2</sup> (por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso)	39,85	36,08
<i>Comercio ao maior de comidas ou bebidas, almacéns de materiais de construción, transportes, industrias, fábricas, talleres e establecementos similares</i>		
<i>No seu caso, equivalencia no IAE - Divisións, 1, 2, 3, 4, 5 - Grupos 611, 612, Epígrafe 6174 - Grupos 691, 692, 699</i>		
<i>Grupos 711, 712, 721, 722, 729, 751, 754, 756, 757 - Epígrafe 8436</i>		
Ata 20 m <sup>2</sup>	26,58	24,06
De 21 m <sup>2</sup> a 100 m <sup>2</sup>	39,85	36,08
De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup>	53,14	48,11
De 201 m <sup>2</sup> a 400 m <sup>2</sup>	79,73	72,18
De 401 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>	119,59	108,27
Máis de 1000 m <sup>2</sup> (por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso)	66,45	60,16
<i>Resto de establecementos comerciais e de servizos, oficinas, edificios públicos, de ensino, asociacións, entidades bancarias e financeiras e establecementos similares</i>		
<i>No seu caso, equivalencia no IAE - Grupos 613, 614, 615,616, - Epígrafes 6171,6172,6173,6175,6176,6177,6178,6179</i>		



Grupos 618, 619, 621,622, 623,631, 646, 651, 652, 653, 654, 655, 656, 657,659, 663, 664, 665 - Grupo 755 - Agrupación 76

División 8 agás 8436 - Grupos 911, 912, 913, 921, 922, 931, 932, 933, 936, 942,943, 944, 945, 952, 961,962,963, 964, 966, 967, 968, 971, 972,973,974,975,979, 981,982, 983, 989,991,999

Ata 20 m <sup>2</sup>	18,96	17,17
De 21 m <sup>2</sup> a 100 m <sup>2</sup>	28,44	25,75
De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup>	37,93	34,34
De 201 m <sup>2</sup> a 400 m <sup>2</sup>	56,9	51,51
De 401 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>	85,35	77,27
Máis de 1000 m <sup>2</sup> (por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso)	47,41	42,92
<b>Outras actividades non tarifadas expresamente</b>		
Ata 20 m <sup>2</sup>	18,96	17,17
De 21 m <sup>2</sup> a 100 m <sup>2</sup>	28,44	25,75
De 101 m <sup>2</sup> a 200 m <sup>2</sup>	37,93	34,34
De 201 m <sup>2</sup> a 400 m <sup>2</sup>	56,9	51,71
De 401 m <sup>2</sup> a 1000 m <sup>2</sup>	85,35	77,27
Máis de 1000 m <sup>2</sup> (por cada 1000 m <sup>2</sup> ou fracción de exceso)	47,41	42,92
<i>Profesionais e artistas</i>		
Sección 2ª e 3ª		
Profesionais e artistas	17,06 €	15,45 €

*A superficie dos locais de negocio, comprenderá a totalidade da superficie dos locais afectos á actividade: superficie total no censo de obrigados tributarios si se trata de suxeitos pasivos exentos do Imposto sobre Actividades Económicas ou na Matrícula do Imposto sobre Actividades Económicas respecto dos non exentos.*

*Noutro caso será a superficie obtida da licenza de apertura ou a superficie construída obtida do padrón do Imposto sobre Bens Inmóbles de Natureza Urbana.*

*Nos locais nos que se desenroren varias actividades, as superficies afectadas ás distintas actividades sumaranse e consideraranse afectadas á actividade principal do local, que a efectos desta taxa se considera actividade principal aquela que teña mais superficie.*

*Nos locais nos que se desenroren varias actividades, as superficies afectadas ás distintas actividades sumaranse e consideraranse afectadas á actividade principal do local, que a efectos desta taxa se considera actividade principal aquela que teña mais superficie.*

**SEGUNDO.-** *Expoñer ao público o acordo precedente, mediante edicto, que se fixará na táboa de anuncios do Concello e se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión na provincia.*

*Durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día seguinte da publicación do correspondente edicto no BOP, os interesados poderán examinar o expediente, e presentar as oportunas reclamacións. No caso de non presentarse reclamacións, o acordo provisional considerase elevado a definitivo.*

*No suposto que se presentasen reclamacións, procederase á súa resolución e á adopción dos correspondentes acordos de aprobación definitiva.*

**TERCEIRO.-** *Os acordos definitivos ou os provisionais elevados a definitivos e o texto íntegro das modificacións acordadas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, e entrarán en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sendo de aplicación para o exercicio 2023 e seguintes as tarifas anteriores a devandita modificación, mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.”*

De seguido prodúcese as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde explicando a proposta.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que cada vez que se trae a esta cámara algo relacionado coa recollido do lixo aproveita para valorar positivamente a proposta porque en función de facilitarlle máis a vida á cidadanía, Tamén incidir de que cando se coloquen eses cubos marróns, se separe o lixo, en definitiva, traballar nunha cidade máis limpa e que se fose ellor no tocante ao medio ambiente. Pensen sobre todo, pensando na ubicación dos contenedores marróns, pode ser un quebradeiro de cabeza colocalos. Incide en que se debería sopesar e valorar a posibilidade dese compostaxe comunitaria onde fose preciso, sobre todo no entorno rural e nas zonas periféricas, é unha ferramenta que vai axuda moitísimo, axudaría moitísimo a separar o lixo, saben que cada vez que se acometen melloras na recollida de lixo selectiva, sempre hai bonificacións de Sogama.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que eles van votar favorablemente. Incide en que dicía D. Emilio gustaría saber se en algún momento se vai explicar antes que o resto da cidadanía expoñer o tema dos contenedores marróns, efectivamente é unha cosa que dixeron aquí, pero non saben se o momento será será nestes dous meses.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que comparte con D. Emilio a reflexión que fixo, que sempre se solicita á Xunta de Galicia os compostadores e se lles da a quen o solicita, sempre se xestiona a través do técnico de medio ambiente, cando se teñan posibilidade o farán. Respecto ao que dicían D. Germán mellor non dicir nada xa faláron despois de maio!

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

**4º.- APROBACIÓN DO DESESTIMENTO DO PROCESO DE CONTRATACIÓN “AXUDA NO FOGAR” EXPTE. 055-SERPA22 AO TERSE ANULADO DETERMINADOS ASPECTOS SUBSTANCIAS DOS PREGOS.**

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e de D.

Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-ESPERTA MONFORTE) e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta:

1. *Acordo do Pleno da corporación de data 26.09.2022 polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos técnico e administrativo e o gasto, dispoñendo a apertura da licitación mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada.*
2. *Anuncio de licitación na plataforma de contratación do sector público, de data 04.10.2022, que establece como data límite para a presentación de ofertas o 25.10.2022. Durante o citado prazo, concorreu un único licitador: OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS S.L.*
3. *Recurso especial en materia de contratación presentado pola ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESA DE AXUDA NO FOGAR – AGESAF en data 25.10.2022, contra os pregos de contratación.*
4. *Resolución nº 183/2022 do Tribunal administrativo de contratación pública de Galicia, de data 10.11.2022, pola que acorda estimar o recurso.*

#### *CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS*

1. *Os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,(en adiante LCSP), recollen a regulación do recurso especial en materia de contratación. A tramitación tamén deberá realizarse conforme ao Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual, aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, no que resulte de aplicación.*
2. *A resolución do recurso especial referido no antecedente terceiro, que estima totalmente as pretensións da recorrente e, polo tanto segundo o artigo 57.4 da LCSP, implica a anulación das magnitudes económicas da licitación previstas na cláusula cuarta do PCAP e demais que resulten da mesma. Isto determina por lei a anulación dos actos do expediente de contratación relacionados coa súa aprobación.*
3. *De modo paralelo, o levantamento da medida cautelar de suspensión, que non afectou ó prazo de presentación de ofertas, implica a existencia dun licitador admitido no procedemento ao que compre informar da citada anulación dos pregos polo TACGAL.*
4. *Así mesmo, a anulación dos pregos nos termos antes citados implica a elaboración dun novo estudo económico e a consecuente tramitación dun novo procedemento.*
5. *Segundo dispón o artigo 59 da LCSP, a resolución do recurso especial en materia de contratación será directamente executiva, se ben contra a mesma cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo de conformidade co disposto no artigo 10.1.k da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. O prazo para a interposición do citado recurso é de dous meses dende o día seguinte ao da notificación da resolución, segundo dispón o*

*artigo 46.1 da citada lei.*

*Por canto antecede, elévase ao Pleno da Corporación a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:*

- 1º.- DESISTIR** do procedemento de contratación de “AXUDA NO FOGAR” (EXP. 055-SERPA22) ao terse anulados determinados aspectos substanciais dos pregos que rexían o mesmo pola resolución do TACGAL de data 10.11.2022.
- 2º.- NOTIFICAR** segundo o disposto no artigo 152.1 da LCSP aos candidatos que teñan presentado licitación no expediente e informar á Comisión Europea da presente decisión.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que estes dous puntos o 4 e o 5 debatiránse conxuntamente e votaránse por separado.

Intervén D<sup>a</sup> Gloria M<sup>a</sup> Prada dando lectura ás propostas presentadas. Antes de aprobar a contratación hai que aprobar o desestimento do procedemento de contratación que aprobouse no pleno do mes de setembro do ano 2022. O contrato do SAF ascende a 5.540.750,90 € é o que custa o contrato. Para o ano 2022 se tomaron en conta o IPC do 2021, para o ano 2023 se tomou en conta de finais de decembro de 2022 e para os anos 2024-2025 a proxección armonizada dos índices do prezo do consumo, o que resulta para o ano 2024 o 4,90% que resulta un coste 1.763.314,68 € e para o ano 2025 se aplica aproximación do IPC do 3,60 % sobre o importe do 2023, o que resultado ano 2025 pase a 1.82.784,01 €. Fala dos importes do SAF nos anos 2023, 2024 e 2025.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que ás veces hai que escoitar á oposición isto non é unha opinión é unha realidade. Estase invertindo para o Concello, di que hai cousas que non están de acordo como pode o kilometraxe, e despois unha das cousas que lles parece concreta que se deberían aclarar o rescate do servizo, non se está libre de que caiga unha empresa e non se ataña ao que ten que facerse, hai puntos que non están clarificados. Di que o seu voto no punto 4 van votar a favor e no punto 5 vanse abster.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que no punto 4 van votar a favor. O certo que xa dixeron aquí non estaban a favor, algún problema debeu haber efectivamente hai que desestimar e hai que facer outro. Eles non entenden porque unhas veces fan unha RPT e outras veces seguen gastando cartos con emrpeas de fóra que fan informes técnicos por fóra que eles non entenden porque se fai así. Sinala que eles falan con traballadores do SAF e que poñen riba da mesa de que a contratación actual no tema de kilometraxe están a 0,19 km cando realmente o que se está facendo é cobrar a 0,22, despois está o gasto de material que se minimiza moitísimo, e despois están os cartos que se pagan por hora, eles non dubidan que se poida ir aumentando, a día de hoxe non de ben ser o suficientemente xugosos para que se presenten moitas empresas, na última vez so se presentou unha



empresa, que ter graves problemas en Redondela. Di que eles entenden que deberían facer o pago das horas para que empresas solventes do sector veñan e non se caiga en darlle o SAF a unha empresa que non ten a suficiente solvencia.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que é a terceira vez que se debate este asunto é unha clara xestión ineficaz do equipo de goberno, di que van incidir non so é que se suben as condicións salariais, se trata das condicións de traballo día a día, o kilometraje, un aumento de empregadas, para ter un maior equilibrio á hora de xestionar, non se pode vir a presentar uns presupostos presumindo que son Sociais, que non repare os contratos do servizo, ademáis repercute en costes económicos para o Concello, cando vai o tercer informe económico a unha empresa interna, cren que se debería facerse doutra forma, faltan puntos por concretar, queren incidir que está subvencionado pola Xunta de Galicia e polos propios dos usuarios que pagan as taxas correspondentes en función dos seus ingresos. As propias empregadas que teñen unha boas condicións morais e éticas no traballo, polo que eles vanse abster porque non será a última vez que se debata este asunto.

Intervén D<sup>a</sup> Gloria M<sup>a</sup> Prada dicindo que o servizo de axuda no fogar, as traballadoras non son empregadas pñulbicas, iso de que se retrasou por cinco meses, é mentira, estabase negociando un convenio colectivo, este sindicato levantouse das mesas de negociacións non quixo seguir adelante. O TACGAL foi o que levaou as mans que o resolva o Concello iso foi o que pasou, non se podía utilizar un IPC que non sabía cal era, nin o propio TACGAL sabía cal era, iso que se pediu unha aclaración, non veñan dicinno que se retrasou. Oque non se pode facer é intervir o Concello nun convenio colectivo, non se pode marcar máis importe do que se recolle, como se pode incrementar o servizo de axuda a domicilio. Dille a D. Germán porque vostede non entende, expliquen ao interventor que realmente se pode facer iso, estase a falar de diñeiro público. En canto á xestión ineficaz a xunta de Galicia o que ten que facer é crear un consorcio e meter a estas traballadoras e pagarlle ela, é un servizo que lle corresponde á Xunta.

Intervén D. Emilio José Sánchez soamente lle faltou dicir que non hai o convenio en marcha por culpa deles, xa lle dixeron que hai un convenio que hai cousas que se van regular, se este prego de contratación houbese vido nas condicións no mes de setembro igual agora xa estaba funcionando, cada un o erro é de cada quén, daquela trouxose un prego de condicións que non era este, pero realmente se este convenio de contratación de prego se houbese feito en setembro, non se estaba, ou quere dicir que este corre risco de volverse aplazar, di que el esta facendo un relato do que aconteceu nos últimos cinco meses, hai que ser relativamente serios.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez tampouco é vostede é a única que entended este tema. Vostede aprobaron que estaba perfecto cun 3% do IPC, vostedes levantaron a man e agora a van levantar co 6,5% e fan os informes que lle piden porque non teñen técnico economista que poidan facelo, hai que gastar cartos fóra, a tragsa daselle 45.000,00 euros ao mes porque hai un servizo que costa 400.000m00 euros como é o da piscina en vez de invertir 1.600.000 poderíase

invertir 2.000,000 euros, ir todo o rato de sobrado de que é vostede listísima e que el non entende nada, e dentro de dous meses levanta cun 8,5% e quédase tan ancha e o burro e el.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela reincidente no tema do que implica o servizo nas aportacións da Xunta de Galicia, e sempre que se fala deste tema, sempre sae a relucir que é un servizo que debería xestionar a Xunta de Galicia, estarían as empregadas doutra maneira, pero a realidade é outra, a Xunta de Galicia fai unha aportación económica, cre que además algo bonito da política municipal é a cercanía ao cidadán , e por iso cando vostedes neste caso D<sup>a</sup> Gloria, amosan que cando anuncian que o presuposto é social, senón non estarían dicindo e lamentando o moito que lle custe o servizo de axuda no fogar.

Intervén D<sup>a</sup> Gloria Prada dille a D. Emilio que non lle pode permitir que as traballadoras levan cinco meses sen cobrar, iso non llo pode permitir. Dille a D.Germán que non quere ser prepotente, pero disto entende moito máis que vostede, o que ven facer aquí é populismo, sinceramente “me resbala” moito o que vostede diga, D<sup>a</sup> Katherinie fala coas traballadoras e pregúntelle como se atopan, se os cartos non hai posibilidade facer nada de nada. Para eles o trato co cidadán é esencial e o levan amosando moitos anos.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que en relación con TACGAL debe haber alguén, algún amigo para o Concello de Monforte, chegaron a facer un informe dicindo que non eran competentes pero sen embargo concluíron, fixenxe que cousa, como siga tendo responsabilidades como ten agora van facer o que permite a lei, que ao mellor non é depender do TACGAL da Xunta de Galicia. Falan vostedes de facelo atractivo, esta semana adxudicaouse o SAF no Concello de Castroverde, adxudicaron por 19,55 € presentáronse seis empresas, supón que se aquí se quita a 20 € e máis xugoso que o de Castroverde. Dille a D<sup>a</sup> Katherinie que non pode vir a enganar, cos 20 euros non os pagan os cidadáns, unha parte a Xunta e o resto o Concello do seu presuposto, vostede debería saber no Estatuto de Autonomía di que a competencia dos servizos Sociais é da Xunta de Galicia, na lei de Servzios Sociais di que é competencia exclusiva da Xunta de Galicia, e sen embargo estase castigando aos Concellos o que lle corresponde á Xunta. Fíxense vostedes como teñen os servizos públicos, o Concello non negocia o convenio, non hai nin que nombralo porque iso é entre empresa e traballadores, canto mellor sexa o convenio, pero hai que traballar sobre documentos oficiais. Dille a D. Germán que a estas alturas non lle sorprende o que vostede di, pero fala vostede de invertir máis 2.000.000,00 €, daquela non chegaba aos 800.000,00 en sete anos se duplica, máis que se duplica, polo tanto non veñan dar leccións de nada, el sabe o que había, canto había no presuposto do ano 2015, cando chegou xa estaba gastado o presuposto, son moitas as melloras que se fixeron neste anos que non estaban, vostede ten unha teima importante coa ponte, dille que non sufra máis a ponte se deus quere faráse, xa saíu o plan hidrolóxico e xa se poden pedir os permisos, e se terá unha nova ponte.

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e dos concelleiros do Grupo Mixto e dúas abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

**5º.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MODALIDADES DEPENDENTES VALORADOS E PRESTACIÓN BÁSICA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS**

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-ESPERTA MONFORTE) e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta:

*“Antecedentes*

- 1. Estudio económico elaborado por ADADE LUGO SL, de data 20.01.2023*
- 2. Informe de necesidade, de data 14.02.2023, asinado pola Coordinadora dos Servizos sociais municipais*
- 3. Prego técnico, de data 14.02.2023 asinado pola Coordinadora dos Servizos sociais municipais e a Concelleira de Servizos sociais*
- 4. Providencia de inicio da Concelleira de Servizos Sociais, de data 14.02.2023*
- 5. Documento RC, de data 14.02.2023 contra a aplicación 231 22706, do vixente orzamento municipal.*
- 6. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a adxudicación por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, de data 14.02.2023*
- 7. Informe de Secretaria, de data 15.02.2023*
- 8. Informe de Fiscalización de data 16.02.2023*

**Consideracións xurídicas**

*1.- De acordo co artigo 25.1 da Lei 7 /1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) o Concello, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.*

*2.- O artigo 25.2 e) da LRBRL cita, entre as competencias propias dos Concellos as de “Evaluación e información de situacións de necesidade social y la atención inmediata a personas en situación o riesgo de exclusión social”.*

*3.- Os artigos 131 e 156 a 158 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) pala que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,(en adiante LCSP), permite tramitar o expediente de contratación deste servizo polo procedemento aberto con pluralidade de criterios, por razón da súa contía xa que o seu valor estimado é de 5.271.056,90 € máis IVE, e porque se establecen como criterios de adxudicación conceptos obxectivos e conceptos avaliábeis mediante xuízo de valor.*

*4.- O artigo 22.1 c) da LCSP recolle que, atendendo ao valor estimado do contrato superior a 750.000 euros, o expediente está suxeito a regulación*

harmonizada. Así mesmo, será susceptible de recurso especial en materia de contratación (artigo 44 da LCSP).

5.- A competencia para contratar, de conformidade co previsto no apartado primeiro da Disposición Adicional Segunda da LCSP, correspóndelle ao Pleno por superar o importe do contrato o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento.

Por canto antecede, elévase ao Pleno da Corporación a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**1º.- APROBAR** o expediente de contratación de “**AXUDA NO FOGAR**” (EXP. 003-SERPA23) polo importe de 5.271.056,90 € máis o IVE correspondente, que fai un total de **5.540.750,90 €** e unha duración de **tres anos**

**2º.- APROBAR** o prego de cláusulas administrativas e o prego de cláusulas técnicas que rexerán en dita contratación.

**3º.- APROBAR** o gasto correspondente, con cargo á partida orzamentaria 231 22706 do vixente orzamento xeral municipal.”

Sometido o asunto a votación, apróbbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

**6º.- PROPOSTA ALCALDÍA SOBRE SOBRE A INCORPORACIÓN DO PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, AFECTADO POLA DISPOSICIÓN TRANSITORIA QUINTA DO REAL DECRETO 480/1993, DE 2 DE ABRIL, POLO QUE SE INTEGRA NO RÉXIME ESPECIAL DA SEGURIDADE SOCIAL DOS FUNCIONARIOS DA ADMINISTRACIÓN LOCAL, NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL, A EFECTOS DA PRESTACIÓN DE ASISTENCIA SANITARIA E FARMACEÚTICA.**

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta:

“Analizado o informe emitido polo Sr. Secretario Xeral, do tenor literal seguinte:

*INFORME DE SECRETARÍA XERAL SOBRE A INCORPORACIÓN DO PERSOAL FUNCIONARIO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, AFECTADO POLA DISPOSICIÓN TRANSITORIA QUINTA DO REAL DECRETO 480/1993, DE 2 DE ABRIL, POLO QUE SE INTEGRA NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE O RÉXIME ESPECIAL DA SEGURIDADE SOCIAL DOS FUNCIONARIOS DA ADMINISTRACIÓN LOCAL, NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL, A EFECTOS DA PRESTACIÓN DE ASISTENCIA SANITARIA E FARMACEÚTICA.*

#### *I. LEGISLACIÓN APLICABLE.*

- Constitución Española (CE).
  - Ley 7/85, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local (LRBRL).
  - Real Decreto Legislativo 781/86, de 18 de abril, que aprueba el Texto Refundido de Disposiciones vigentes en materia de
- Acta Pleno ordinario 27.02.23*

*Régimen Local (TRRL).*

- *Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (EBEP).*

- *Real Decreto Legislativo 1/1994, de 20 de junio por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Seguridad Social (TRLSS).*

- *Real Decreto 480/1993, de 2 de abril, por el que se integra en el Régimen General de la Seguridad Social el Régimen Especial de la Seguridad Social de los Funcionarios de la Administración Local.*

*PRIMEIRO.- A Disposición transitoria terceira da Lei 31/1991, de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 1992, e a disposición transitoria terceira da Lei 39/1992, de 29 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 1993, autorizaron ao Goberno para que procedese á integración do colectivo incluído no campo de aplicación do Réxime Especial da Seguridade Social dos Funcionarios da Administración Local, no Réxime Xeral da Seguridade Social nas condicións, termos e prazos que regulamentariamente se determinen.*

*SEGUNDO.- O Real Decreto 480/1993, de 2 de abril, polo que se integra no Réxime Xeral da Seguridade Social o Réxime especial da Seguridade Social dos Funcionarios da Administración Local, foi o instrumento xurídico mediante o que, conforme ás leis anteriormente sinaladas, se estableceron os termos e efectos cos que se integrou no Réxime Xeral de Seguridade Social ao persoal pasivo e activo que viña recibindo a acción protectora da Seguridade Social a través da Mutualidade Nacional de Previsión da Administración Local (MUNPAL).*

*Así, dentro do Capítulo III da citada disposición, na que se recollen os termos e condicións da integración do persoal activo, en relación á prestación de asistencia*

*sanitaria, concretamente no seu artigo 6, establécese que as prestacións de asistencia sanitaria “concederanse ao persoal activo e, se é o caso, aos seus familiares, nos mesmos termos e condicións que os previstos no Réxime Xeral da Seguridade Social, se ben será prestada de acordo co establecido na disposición transitoria quinta”.*

*Na disposición transitoria quinta establécense os seguintes criterios de prestación:*

a) *As Entidades Locais quedan subrogadas na posición xurídica da MUNPAL, respecto do seu persoal activo, no concerto sobre asistencia sanitaria suscrito entre esta Mutualidade e a Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS) e o Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS).*

b) *As Entidades Locais que, respecto do seu persoal activo, viñan recibindo a asistencia sanitaria, na data da integración da MUNPAL no INSS, con medios alleos mediante concertos con entidades privadas, poderán continuar prestando a asistencia sanitaria coa modalidade que tiveran na data da integración sempre que, antes do 30 de abril de 1993, previa consulta ás Organizacións Sindicais máis representativas, e por acordo expreso do Pleno das mesmas ou órgano de representación similar, así o decidan. A citada prestación outorgarase coa*

*intensidade e extensión previstas no Réxime Xeral.*

c) *Como compensación económica polos custes derivados da dispensación da asistencia sanitaria e farmacéutica e da de incapacidade temporal as Entidades aplicaron os correspondentes coeficientes reductores da cotización polo persoal activo obxecto de integración nos termos previstos na normativa vixente para estes supostos de exclusión de asistencia sanitaria e Incapacidade temporal do Réxime Xeral.*

*TERCEIRO.- A Disposición Transitoria Quinta do 480/93, de 2 de abril, pola que se establecía a integración do persoal funcionario da Administración Local mutualistas da MUNPAL no Réxime Xeral da Seguridade Social, estableceu a posibilidade de que o persoal activo das corporacións locais puidese seguir recibindo a asistencia sanitaria, con idéntica intensidade que na sanidade pública, a través de concerto con entidades privadas, en iguais condicións que se viñan gozando con anterioridade.*

*CUARTO.- Mentres siga vixente o concerto sobre asistencia sanitaria que o Concello ten contratado cunha entidade privada para atender aos/as funcionarios/as integrados/as e aos seus familiares, dita prestación outorgarase coa mesma intensidade e a extensión prevista no Réxime Xeral, aos beneficiarios contemplados en dita normativa, e mentres como dicimos o concerto coa entidade privada siga vixente.*

*QUINTO.- En aplicación da transcrita Disposición pronúnciase a Sentenza do Tribunal Supremo do 15 de marzo de 2004, na que se resolve en recurso de casación exposto contra sentenza pola que se desestima a pretensión dos demandantes en relación cos acordos adoptados nas sesións plenarias dun Concello que dispoñían a non renovación do contrato de prestación de asistencia sanitaria do persoal activo suscrito e o pase inmediato de todos os funcionarios municipais ao Réxime Xeral da Seguridade Social, para todos os efectos previstos no Real Decreto 480/1993, do 2 de abril.*

*O Concello, en cuestión, acordara non renovar o contrato suscrito coa Compañía Aseguradora para a prestación de asistencia sanitaria e farmacéutica aos seus*

*funcionarios en activo e a súa integración inmediata no Réxime Xeral da Seguridade Social, de acordo con o previsto no Real Decreto 480/1993, do 2 de abril.*

*A referida Sentenza corrobora a competencia do Pleno municipal para resolver nese sentido, algo que afirma ser obvio á vista do artigo 22.2.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.*

*Con fundamento na citada Sentenza do Tribunal Supremo pódese afirmar a posibilidade de acordar, na actualidade, e a pesar de optarse en 1993 por continuar garantindo a prestación da asistencia sanitaria dos funcionarios municipais a través de convenio con aseguradora ou compañía privada; pola integración dos citados funcionarios no Réxime Xeral da Seguridade Social para os efectos pretendidos.*

*SEXTO.- Á opción citada non deberá concedérselle a efectos permanentes debendo ser imposible a integración posterior dos funcionarios na Seguridade Social nos termos do Real Decreto 480/1993 aínda que, para que iso resulte válido deberá de producirse primeiro a extinción do acordo ou convenio privado que liga a corporación local á compañía privada. Unha vez producida a extinción temporal da*

*póliza, extinguida esta por mutuo acordo ou determinadas causas que lexitimen a resolución do citado vínculo de maneira unilateral pola Entidade Local, nada obsta á integración que, no réxime xeral da Seguridade Social, preténdese levar a cabo; resultando necesario, a tales efectos, o correspondente acordo plenario en tal sentido.*

*SÉTIMO.- Nembargantes, se ao acordo inicial do Pleno da Corporación de continuar cunha compañía aseguradora privada a prestación da asistencia sanitaria aos funcionarios procedentes da extinta MUNPAL, non pode recoñecérselle un carácter permanente, tampouco pode limitarse de maneira permanente o dereito de que calquera funcionario/a afectado/a, de xeito individual, poida optar polo cambio de protección sanitaria pola Seguridade Social, por tratarse dun dereito que nace coa afiliación ao Réxime Xeral da Seguridade Social e a súa efectividade prodúcese a partir do día da presentación do alta no citado Réxime. Neste sentido, corresponde ao Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) o recoñecemento deste dereito; considerándose por tanto, a asistencia mediante compañía privada como unha excepción legal e con carácter opcional.*

#### **CONCLUSIÓNS**

*1º.- En virtude de canto antecede, a xuízo do que suscribe, o Concello de Monforte de Lemos pode, mediante acordo plenario, incluír a todos os funcionarios integrados ao sistema público de asistencia sanitaria, previa consulta das organizacións sindicais máis representativas presentes na Mesa Xeral de Negociación, máxime tendo en conta a conxuntura económica actual que impón a todas as Administracións Públicas, incluídas as entidades locais, austeridade no gasto e consideramos que esta medida contribuiría á redución do gasto da entidade local.*

*2º.- Feitas as correspondentes consultas diante do Instituto Nacional da Seguridade Social constatouse a posibilidade certa de adoptar esta decisión de integración do persoal funcionario do Concello de Monforte de Lemos, orixinariamente integrados na MUNPAL, no Réxime Xeral da Seguridade Social a efectos da prestación da asistencia sanitaria e farmacéutica, debendo tramitarse os cambios da correspondente conta de cotización á seguridade social do citado persoal, coas particularidades de reducións de tipos de cotización e de cotas, derivadas das especiais condicións de cobertura das prestacións de incapacidade temporal, cunha antelación dun mes á data de efectividade que se pretenda.*

*3º.- En canto á data de integración dos/as funcionarios/as na Seguridade Social, de acordo co contrato suscrito coa compañía aseguradora ADESLAS, en concreto co disposto na súa Claúsula 4ª que dispón que “ a vixencia e duración este contrato de seguro iniciaráse ás cero horas do día un de xaneiro de 2010 e se extenderá ata as vinte e catro horas do día 31 de decembro de dito ano..... tanto a entidade como a Corporación poderan prantexar a resolución do presente contrato mediante preaviso á outra parte, comunicándoo de xeito fidedigno, nun prazo non inferior a dous meses, antes do vencimento de cada anualidade natural”, dita data de integración sería 01 de xaneiro de 2024”.*

*4º.- Non obstante dito prazo de 1 de xaneiro de 2024, poderá ser anticipado no suposto de o contrato coa Compañía de Seguros ADESLAS, fose resolto con anterioridade.”*

*Propoño:*

*A integración da prestación da Asistencia sanitaria dos/as funcionarios/as do Concello de Monforte de Lemos, que na actualidade veñen recibindo mediante a compañía de Seguros ADESLAS, no Réxime Xeral da Seguridade Social, con efectos do 1 de xaneiro de 2024, salvo que dito prazo poda ser anticipado no suposto de que o contrato coa Compañía de Seguros ADESLAS, fose resolto con anterioridade.”*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D<sup>a</sup> Gloria Prada di que traen a este pleno a integración no réxime xeral da seguridade social duns cantos funcionarios a que día de hoy se atopan na mumpal, doce funcionarios, a través da entidade privada Adeslas. Cren que por coherencia non procede que unha administración pública acolla a privada, además tendo en conta que a conxuntura actual é a que é, consideran que esta medida contribuirá a redución do gasto. O que se trae aquí se levou á mesa xeral de negociación.

Intervén D. Emilio José Sánchez gustaríalle que cando él fala lle presten atención, e certo que ás veces pronuncia mal pola rapidez, ao mellor pódese entender di que el en ningún momento dixo que non cobraron o soldo o que quixo dicir que as traballadores nesos catro meses ese incremento deixaron de percibilo, pero dicir que el dixo que non estaban cobrando, é incerto, na gravación aparecerá. Se foi o que entendeu vostede el non o dixo.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez amosa que van votar a favor. Di que el non está nervioso aínda que faga a ponte non se vai tirar dela, non pode estar todo o rato de que están nerviosos, hai que ver os permisos, ao mellor aínda o para ese ao que lle ten tanta manía.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela o seu voto será unha abstención poden entender o argumento da voceira, coherencia de que os funcionarios pbúicos teñan como seguro de saúde a sanidade pública, cren que debe de presentar os seus recursos que o estimasen conveniente que sexan os propios empregados afectados.

Intervén D<sup>a</sup> Gloria M<sup>a</sup> Prada a sanidade pública vaille garantir os mesmos dereitos que teñen agora.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que cre que sanidade privada é o que teñen noutros países, tamén o partido popular está a favor que siga existindo a sanidade pública, outra cousa que estea favor da liberdade de empresa e existan clínicas privadas. Están a favor da coexistencia do privado e do público.

Intervén D<sup>a</sup> Gloria M<sup>a</sup> Prada dicindo que entende a empresa privada ten os seus dereitos pero estamos nunha empresa pública.

Intevén o Sr. Alcalde dicindo que non hai moitos permisos non sabe quen o asesora, so hai dous permisos , igual vostede está pensando que algún deles os van



torear. Vostede falou de eleccións, igual hai un cambio na Xunta e facilitan as cousas, esa e outras. De cara á galería fanse propostas e á hora da verdade ninguén pon un duro, e iso que din que ofreceron mandaron unha carta ao Ministerio, cando se lles din se queren participar, nin están nin se lles espera. O boquilla é boquilla, algo se estará facendo ben, hai quen non aporta nada.

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e Grupo Mixto e a dúas abstencións dos concelleiros do Grupo Municipal Popular.

**7º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO A TODOS OS AFECTADOS POLO TERREMOTO ACAECIDO EN TURQUÍA E SIRIA.**

O ditame é favorable á proposta, con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta:

*O pasado 6 de Febreiro Turquía e Siria sufriron dous seísmos de magnitude 7,8 e 7,5 na escala Ritcher co epicentro na cidade de Gaziantep, cuxo área metropolitana ten máis de 2 millóns de habitantes. Toda a zona do sur de Turquía viuse moi afectada, con graves danos en cidades como Diyarbakir, Adiyaman, Osmaniye, Malatya e Adana.*

*No caso de Siria, cidades como Aleppo, Latakia e Hama son algunhas das principais afectadas polo seísmo.*

*O terremoto deixou miles de vítimas e feridos, a moitas persoas sen fogar e colapsado as infraestruturas das cidades, orixinando unha situación especialmente crítica que se está vendo agravada polas baixas temperaturas do inverno.*

*A Unión Europea respondeu ao chamamento de axuda internacional realizado polas autoridades turcas activando o Mecanismo Europeo de Protección Civil para a coordinación da axuda internacional dos Estados membros.*

*España, no marco de coordinación establecido pola UE, mobilizou efectivos da Unidade Militar de Emerxencias (UME) e ao Equipo de Bombeiros de Resposta Inmediata da Comunidade de Madrid (Ericam), e enviou o hospital de campaña do Equipo START (Equipo Técnico Español de Ayuda y Respuesta de Emergencias) da Axencia Española de Cooperación ao Desenvolvemento para axudar a paliar as terribles consecuencias do terremoto.*

*A Federación Española de Municipios e Provincias foi chamada a participar no grupo de traballo de cooperación, convocado pola AECID, para posibilitar unha resposta rápida e eficaz á situación de emerxencia, xunto a Comunidades Autónomas e ONG humanitarias. Na primeira reunión, celebrada onte, fíxose unha análise inicial das*

*consecuencias humanitarias do seísmo, e prantexáronse os traballos de coordinación necesarios que polo momento consisten fundamentalmente en intervencións de personal en terreo do ámbito da cooperación.*

*A FEMP como fai sempre neste tipo de situación, púxose a disposición e mostrou o seu apoio nas medidas que, en coordinación coa AECID, se poidan ir adaptando, e a súa capacidade para que a información chegue a todo o territorio do noso país, a través das Entidades Locais, así como a súa implicación nos chamamentos de axuda aos Gobernos Locais que se poidan ir producindo. A FEMP será o canal de información directa aos Concellos, Deputacións, Consells e Cabildos de cantas medidas póidanse ir habilitando, para facilitar a materialización da solidariedade dos Gobernos Locais que sempre está presente neste tipo de catástrofes.*

*Á vista do que antecede, PROPONSE ao Pleno que se adopte o seguinte acordo*

*1.- Trasladar toda a nosa solidariedade e afecto á poboación turca e siria, e a cantas persoas víronse afectadas polo seísmo, e facémola extensiva ós residentes no noso país de ambas nacionalidades.*

*2.- Sumámonos ás iniciativas de axuda á poboación para paliar as terribles consecuencias do terremoto.*

*3.- Ponémonos a disposición do Goberno de España, con todos os nosos medios, para colaborar en calquera tipo de actuación humanitaria, no marco do mecanismo de axuda activado pola Unión Europea. “*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde dñicndo que é un texto que propón para todos os Concellos de España a Federación Española de Municipios e Provincias.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

#### **8º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.**

O ditame é favorable á proposta, con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta:

*“Son moitos os avances conseguidos, pero persisten as desigualdades, a discriminación e a violencia ás mulleres polo feito de selo, ante este feito no cabe mornezas e non é entendible ser neutrais.*

*O 8 de marzo foi proclamado o Día Internacional polos Dereitos da Muller pola Organización das Nacións Unidas en 195. Dende entón, é un día de celebración polos avances que conseguimos ao longo da historia e de reivindicación polo que nos queda por alcanzar en materia de igualdade entre mulleres e homes en todos os ámbitos da vida.*

*É indudable que España é un referente en materia de igualdade, o noso marco normativo é exemplo para moitos países que nos recoñecen a firme defensa dos dereitos das mulleres situándonos á cabeza no Índice Europeo de Igualdade de Xénero.*

*Este ano convócanos a necesidade de afianzar todos os avances conseguidos deixando de lado o ruído que pretenden facer algúns sectores ao sentirse ameazados nos seus privilexios adquiridos na sociedade machista cuns valores onde o papel da muller en xeral e ao longo da historia foi ignorado e infravalorado.*

*Non debemos olvidar os colectivos vulnerables donde as mulleres se atópanse en situacións de discriminación múltiple: por ser mulleres e por ter unha discapacidade, ser de unha raza ou etnia concreta, ter unha determinada idade ou vivir e traballar fora das grandes cidades ou núcleos de poboación.*

*Neste senso temos en conta ás mulleres do mundo rural e o seu papel fundamental no desenvolvemento de actuacións relacionadas coa loita contra a despoboación e o reto demográfico.*

*No aspecto laboral, vendo os datos dos diferentes indicadores como traballo a tempo parcial, salarial, sectores produtivos, carreira profesional etc, as condicións de traballo das mulleres son peores que as dos homes, tendo poca presenza en determinados sectores profesionais e en cargos de dirección empresarial.*

*Ata fai uns anos o pensamento xeneralizado era que a violencia contra as mulleres era consecuencia de actitudes individuais e do ámbito privado. Gracias aos avances conquistados e á maior visibilización e sensibilidade por parte da sociedade conseguíuse situala no centro das preocupacións, con categoría de problema social, coa obrigaón de dar resposta inmediata dende os poderes públicos. As violencias de xénero constitúen a cara máis oscura da desigualdade.*

*Dende o ámbito local debemos seguir co compromiso de construír unha sociedade igualitaria, que garantice os dereitos de todas as persoas, así como a participación activa na vida local.*

*Estes compromisos débense plasmar no deseño e xestión dunhas políticas locais que convirtn as nosas sociedades en motores de transformación. É por elo que os Gobiernos Locais reunidos coa FEMP adhíranse a esta declaración.*

*Á vista do que antecede, PROPONSE ao Pleno que se adopte o seguinte acordo*

*. Intensificar os esforzos no desenvolvemento de políticas encamiñadas a fomentar o emprego, o empoderamento e a educación para a igualdade de oportunidades.*

*. Incorporar a perspectiva de xénero en toda a actividade local e establecer unha coordinación adecuada entre as diversas áreas dos gobernos locais. Actualizar os sistemas e protocolos de actuación no desenvolvemento das políticas de igualdade en coordinación con todas as entidades implicadas.*

*. Prantexar sistemas de recopilación de datos desagregados para comprender e abordar as desigualdades de xénero para que, do seu análise, podamos ofrecer unha resposta apropiada e eficaz.*

*. Ampliar o sistema de atención ás vítimas de todas as formas de violencia machista contra as mulleres no marco das nosas competencias, avanzando na mellora dos sistemas de detección temperá, situando no centro de todas as medidas os dereitos das vítimas e o seu empoderamento, e atendendo ó recoñecemento ao dereito de reparación das vítimas.*

*. Sumarnos e invitar a toda a cidadanía a participar nos actos organizados co motivo do 8M, así como aquelas accións e iniciativas que reivindiquen a igualdade e contra a violencia contra as mulleres. “*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que é un texto que propón para todos os Concellos de España a Federación Española de Municipios e Provincias.

Sometido o asunto a votación apróbbase por unanimidade dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

**9º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA CREACIÓN DUN PLAN DE REHABILITACIÓN DO CAMPO DA FEIRA E O ARRANXO INMEDIATO DO FIRME.**

O ditame é favorable á moción, con tres votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

- “1. Que se adquira o compromiso dun plan de rehabilitación integral do campo da feira que inclúa a paralización de uso como almacén de mobiliario municipal e grava.*
- 2. Que se proceda á maior brevidade posible ó arranxo do firme do tramo que conduce a entrada do Punto Limpo.”*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dando lectura á moción presentada. Di que a moción xa a trouxeron fai uns meses, tamén trouxeron os compañeiros iniciativas para a mellora do campo de feira. Sinala que se segue mantendo a mesma situación, naves en estado ruinoso que poder dar algún derrumbe, enormes cúmulos de grava, segue sendo utilizado da mesma maneira que trouxeron a moción fai un ano. Sinal que as fochancas son importantes, solicita que se arranxe de forma inmediata o acceso ao Punto Limpo, por ese motivo traen esta proposta de acordo.

Intervén Emilio José Sánchez dicindo que é un tema dende que el está nesta Cámara o trouxo dúas ou tres veces, o que se fixo foi mudar o teito dunhas naves, fai un ano e medio aproximadamente. Di que son uns espazos cun potencial enorme. No seu día no 1980, a inauguración, durante eses 40 anos foron infrautilizadas, o que se proponía era modificar as naves, é máis se aportaron imaxes fotográficas, ademáis de mellorar en sí o espazo, tamén propoñían crean unha serie de actividades, e tamén unha ordenación daqueles espazos, porque unhas naves arranxadas e en bo estado, podería dar a posibilidade de ubicar os postos ambulantes que están no exterior. O tema da grava é algo que supón que é puntual, quere pensar que esa grava vai ser reutilizada. Manifesta que van votar a favor desta iniciativa e cren que se debe de facer, incluso se podería facer sedes, incluso o espazo sirva para os coches e non inverno que esta xente que ven a feira se resgarde, un pouco ordenar o espazo e arranxalo.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que eles tamén van apoiar esta moción. Sinala que igual poderíase construír un pavillón, seguramente no seu programa, ao mellor que unha das ideas que hai é que se poden levar varias cousas, é unha cousa infrautilizada. Saben que saben como está a situación, sí que é certo que ven que algo se está arranxando. Eles preguntan están pola labor que todas estas cousas se fagan, esperan que teña a posibilidade de arranxalo.

Intervén D. Ibán Torres di que esta moción xa foi presentada polo BNG a principios do ano 2021, volver a traer a moción a este pleno é unha cuestión que xa se explicaron nalquel momento. Os motivos non variaron, hai que o equipo de

gobierno cren na reforma do mercado gandeiro, non é unha prioridade por diante, mencionouse o plan de accesibilidade, o parque do barrio da estación, a continuidades das melloras da rede de saneamento, o último que nomeou a nova ponte do malecón, polo tanto se teñen prioridades diferentes, pero o que non poden dicir que non cumpra os seus compromisos. Aclara que a finais de decembro do 2021 realizouse unha importante inversión nas dúas naves, se realizou a substitución de placas de fibrocemento, se instalaron placas e cumbreras e remates laterales, pintado de paredes, instalación de cámaras e alarmas. Claro que necesita un cambio integral pero este Alcalde lle propuxo ao Sr. Conde que habilitara fondos para esta reforma e a contestación foi que non os había. Por último dende o PP hai que ter un pouco de coherencia, o que vostede lle parece tan criticado o do asfaltado exige inversións continuas, está seguro que os cidadáns as valoran. Do plan integral fale co Sr. Conde haber se lle di o mesmo que a eles.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela é importante que se traiga un guiión e recomendable que escoite, dixo nun primeiro momento que o sr. Emilio xa o trouxo ao pleno, xa o recoñeceu na súa exposición, por un lado din que non é a súa prioridade e por outro lado de vanaglorian das cousas que fan. O que si lle di é que de momento non é a alcaldesad de Monforte, no momento que o sexa falará co presidente da Xunta e os conselleiros, de momento hai un alcalde que é quen debe de falar e pedir as cousas. As cousas fanse un proxecto se presentan e se comentan as axudas que pode haber, hai ordes de axudas para instalacións municipais que vostedes non solicitan. Houbo axudas para melloras de centros deportivos no ano pasado, se vostedes non as solicitan serán a súa responsabilidade non da Xunta. Cando é necesario asfaltar hai que asfaltar, pois asfalte a entrada ao Punto Limpo.

Intervén D. Ibán Torres di que entrar nestes puntos de vanalidades, a moción foi presentada polo BNG, vostede a quixo presentar por urxencia e non se lle admitiu. O que está vindo é a forma na que defende nesta moción. Vostede non deu un motivo a ningún grupo político, fala de axudas que se piden, unhas vanalidades que non lle parecen argumento para que isto se aprobé, o único que se explicou no seu día.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dicíndolle ao Sr. Torres que si ela fala de vanalidades é porque vostede falou de vanalidades, terá que defender ela non está en posición de pedir na Xunta. Motivos para levar a cabo esta moción, cre que está máis que exposto, na súa intervención coma dos compañeiros. Vostede expuxo claramente que non a ían apoiar porque non estaba dentro das súas prioridades. Se vostedes arraxaron certos teitos das naves, estupendo, xa que hai montañas de grava, polo menos que procedan a utilizar esa grava asfalten os baches que hai no Punto Limpo.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non existe risco nas naves porque o teito o teñen novo pero a estrutura está boa, as que se usan están ben, polo tanto crear alarma non é bo, e logo di vostede que claro que non lle podemos pedir nada porque vostede non é alcaldesa, por iso se fai caso ao seu programa, non ao seu, cando vostede propón algo que é factible votan a favor, cando non é así teñen que dicilo e agora mesmo hai outras prioridades que facer unha gran inversión no campo da feira. Houbo nun momento un proxecto a proposta súa, se incluíu unha especie de nave de exposicións, todo iso non se fixo nada, vostede sabe perfectamente que eles non funcionan así. Di que os centros educativos non son do Concello, o único que teñen é facer as labores de mantemento que é o que está na lei, pero non veña vostede con iso o tema estrutural é da Xunta de Galicia, e logo poderíase facer unha longa lista que denegan, simplemente din que non acadou a puntuación necesaria, é curioso que arredor de Monforte si que se asinan convenios, se aumentan prazas de garderías como en Sober, iso tamén é culpa do alcalde, hai cousas que non se sosteñen, como é posible que todos os Concellos de arredor teñen unha gardería pública da Xunta e Monforte non a teña, en tema de servizos públicos non poden dar leccións ao resto dos grupos que estamos aquí.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros /as do Grupo Municipal Socialista, e catro votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

**10º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO CENTRAL A REPOSICIÓN DAS CONEXIÓNS DE MEDIA DISTANCIA, SEN REPOÑER TRALA PANDEMIA, E QUE AFECTAN A MONFORTE DE LEMOS.**

O ditame é favorable á moción, con tres votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

*“1.- Que se inste o goberno central a reposición inmediata das conexión ferroviarias mencionadas que afectan a cidade de Monforte de Lemos.*

*2. – Que se de traslado de esta proposta de acordos o goberno central, o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana e a Renfe Operadora”*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D.<sup>a</sup> Katherinie Varela di que está co listado das garderías non están todas de titularidade da Xunta, actualmente a Xunta de Galicia está financiando as matrículas de 0 a 3 anos e logo está os das casas neno, que son para Concellos de menos habitantes. Centrándose nas condicións ferroviarias, dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que van apoiar esta iniciativa e como xa dixo na Comisión informativa van enmendala, a propoición e que no punto 1 aparece un apartado b onde se inclúan as conexión ferroviarias de longo distancia, como é Euskadi e o tren nocturno a Barcelona, dúas liñas fundamentais para o desenvolvemento para o noso territorio. Di que eles teñen que apoiar esta iniciativa, non obstante ás veces non é unha cuestión de política a nivel local e nacional, é curioso que agora o Partido Popular se lembre do tema, cando hai deputados, el escoito o domingo nun congreso que houbo o sábado do Partido Popular, levan traballando neste fai tempo, o Partido Popular foi o que máis recortes fixo , levarse o posto de mando para Ourense, reducir o número de traballadores , agora se lembran do tren parécelle fantástico, pero hai que ser serios non se poden estar tirando pelotas cando gobernan uns ou outros.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez amosa o seu voto a favor, parécelle importante todas as concesións .

Intervén D. Ibán Torres dicindo que ás veces non teñen memoria para lembrar o que se fixo con Galicia, co goberno do Partido Popular os trens cando chegaban chegaban tarde mal e arrastras. Dille a D<sup>a</sup> Katherinie dende que o Partido Socialista está no goberno chega a Galicia a alta velocidade, fala das liñas convencionais tras anos de abandono, e por suposto o sector turístico como o económico e o empresarial, ponse fin ao illamento ferroviario, además do AVE se está realizando a maior inversión na provincia de Lugo, 546.000,00 € a maioría delas contratadas. Fala das obras que se están levando a cabo nestes momentos, as obras do ferrocarril en Lugo van en serio e se están traballando nelas, cando vostedes gobernaban soamente había propaganda e recortes. Di que eles cren que na actualidade na estación se están modernizando. Este alcalde é profundamente coñecedor da cidade que goberna e cales son as necesidades da cidade, faranse as xestións necesarias para mellorar máis e máis, amosa o seu voto en contra da moción.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela dille a D. Emilio que si que aceptan a enmenda que tamén é importante reclamar ese tren histórico do norte da provincia. En canto ao que di o señor Ibán, é verdade que hai inversións e iso lles alegra, fala da supresión dos pasos a nivel e todavía non se sabe nada, iso verá cando se produce en realidade. O ideal sería que remataran as obras para traer aquí esta moción, como ben vostede dixo que se están realizando as conexións con autobús por iso consideran adecuado tráelo agora, sin que eso exima que se poida traer antes de maio, de momento parécelle algo impotante, porque ven a Semana Santa e non se pode impedir que nos visite xente, que se aumenten esas concesións de cara ao futuro, manteñen a moción e a votaran.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que vostede veñan falar de tren aquí, despois de estar gobernando oito anos e que non fixeron nin un so metro co Sr. Rajoy, hai que ter un atrevemento, vostedes atrévense a todo. Qué fixeron vostedes ao tren. Vostedes fan un xogo uns malabares, levan anos paralizando o día o tribunal de



Contas non o dí el. Fala da gardería, para que lle da a Sober un diñeiro para duplicar e non fai unha aquí, que é a segunda cidade da provincia de Lugo. Na garddería de Monfote vostedes veñen de falar da gratuidade, a paga o Concello, deses 130.000,00 e a Xunta da 21.000,00 e o resto o pón o Concello, gratuidade serán as da Xunta a do Concello a paga o Concello, cando fala vostede do tren, xa non son 540.000,00 a maior inversión da historia na provincia de Lugo. Na estación de Monforte que está en obras vaise cambiar o aspecto que vai ter, pero que ademáis se están mellorando os andésn se están mellorando os tuneles para cambiar de anden, se vai reformar íntegramente a estación, a praza da estación igual, todo iso cando rematen as obras, iso o fai este goberno non o goberno do Partido Popular, en Renfe despois de recortar servzios, agora foron capaces de xestionar servizos novos, tardará pouco en ter ese novo servizo porque avanza moi deprisa, e dos pasos a nivel falou cando tiña que falar, debido á guerra de Ucraña, houbo un decreto que reduciu , tiveron que revisar o proxecto concreto, a inversión é grande, el vai falar cando saia a licitación, porque ese é un cambio tremendo para o barrio da Estación, con rúas novas, con pontes, con conexións novas dun lado e doutro, así que pode falar dos pasos a nivel. O diseño do que se vai facer aí o propuxo o Concello de Monforte, di que el está encantando con ese proxecto, e cando saía xa falará.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros /as do Grupo Municipal Socialista, e catro votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

**11º.- MOCIÓN DO PARTIDO SOCIALISTA PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A QUE INCREMENTE CON FONDOS PROPIOS E CON PERSOAL OS CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER.**

O ditame é favorable á moción, con oito votos favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros do Grupo Mixto e dúas abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

*“1. Elaborar en colaboración coa FEGAMP, unha estratexia para estender a rede de Centros de Información á Muller (CIM) a todo o territorio galego que estableza criterios de emprazamento e prestación de servizos conforme a factores como a xeografía, a densidade poboacional e as características socio demográficas. Para tal fin, a Xunta de Galicia prestará soporte técnico e incrementará os recursos económicos que garantan a pervivencia no tempo dos CIM.*

*2.- Acordar coa FEGAMP o incremento orzamentario con fondos propios das liñas de axudas e subvencións da Xunta de Galicia destinadas a sufragar o gasto de persoal e funcionamento, adecuando así o financiamento ás necesidades e prestacións reais dos CIM, permitíndolle este incremento orzamentario realizar a contratación de persoal que se precisa para prestar un servizo de calidade, nomeadamente axentes de igualdade e persoal administrativo.*

*3.- Modificar o Decreto 130/2016 do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de*

*información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento para:*

*a. Incorporar a figura de axente de igualdade entre o persoal necesario para o normal funcionamento do CIM.*

*b. Regular os criterios obxectivos as necesidades cuantitativas e cualitativas das e dos profesionais cos que debe contar un CIM, establecendo ratios do persoal requirido en función da poboación de mulleres, a demanda recibida e as actividades que acredite que se realizan.*

*c. Establecer como requisito para ser persoal cualificado dun CIM (dirección, asesoría xurídica ou psicolóxica, axente de igualdade) ter realizado un mínimo de 500 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade entre mulleres e homes, para contribuir a unha maior especialización do persoal dos CIM.*

*d. Establecer que ningunha muller teña que desprazarse máis de 15 kms do seu domicilio para poder ser atendida nun CIM.*

*4. Delimitar, en colaboración co tecido asociativo de profesionais que traballan no ámbito da igualdade, as funcións dos centros de información á muller, que deberán ser de atención integral para a consecución da igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. Simultaneamente, crear un novo servizo ou redefinir algún existente de atención á diversidade que dea resposta ás demandas do colectivo LGTBI.*

*5. Realizar unha campaña de información pública para dar a coñecer os CIM como recursos integrais dirixidos as mulleres. “.*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que se debatirá coa moción do BNG . No debate van ter os dous turnos de peche e se votaran por separado.

Intervén D<sup>a</sup> Margarita Rodríguez dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que vai comenar polos acordos que se someterán a debate, os acordos do punto 1 e o punto 2 da súa moción presentada, dando lectura á súa moción.

Intervén d. Jaime Germán Vázquez dicindo que van apoiar as dúas mocións porque están de acordo en todos os puntos.

Intervén D<sup>a</sup>Katherinie Varela dicindo que o día da muller debe ser todos os días, o día do home, o día da iguldade. Fala dunha iguldade real que está contemplada na Constitución Española, non é algo novo que queren facer vender outros que se leva exercendo polas mulleres dende fai moito tempo. Gustaríalle dicir que non so é importante creación e organismos orientados á igualdade entre homes e mulleres, senón que nós mesmos teñamos comportamentos que poña a igualdade entre os homes e mulleres, mencionan ao Sr. Alcalde onde abanderan a importancia do CIM,

vostede se manifestou en contra da Presidente do seu Partido, segue personificando o tema da autorización do saneamento da concelleira, solicita aos homes que están aquí que cada día no seu día a día intentan tratar ás mulleres coma un igual. En canto ás mocións, di que é unha moción tipo, teñen unha contestación tiop do partido, cren que poden ser positivo en canto os recursos para o CIM cren que se poden mellorar, de todos os puntos que se presentan hai cousas que poidan discrepar, unha unidade de apoio ao colectivo LGTBI, tamén é verdade sería necesario unha maior inversión, a postura sería a abstención nas dúas mocións, a intención é boa e positiva, pódense crear institutos e organismos, abanderarse na loita feminista, cando hoxe en día nunca estivo tan diferenciado o feminismo, o feminimos débese facer no día a día, na rúa, nos colexios, o espírito é bo, non poden votar a favor ao cen por cen.

Intervén D<sup>a</sup> Margarita Rodríguez continúa dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez continúa dando lectura á moción presentada. Cre que é preciso levar a cabo esta serie de peticións, en definitiva, traballar, o feminismo hai que facelo todos os días é un pouco populista, é certo por educación ser querer se din cousas que poden sonar máis ou menos machistas, aquí ou se está ou non se está, non hai termo medio, pedir 8 para que concedan 4.

Intervén D<sup>a</sup> Margarita Rodríguez dar as grazas polo apoio a iniciativa. Comenta a D<sup>a</sup> Katherniie dende o CIM se traballa todos os días, estanse facendo charlas en aras da igualdade, dende a educación, ademáis estanse facendo cousas novedosas para que se impliquen, cousas distintas para que se impliquen ,tamén a igualdade por baixo estase perdendo, hai un retroceso a nivel psicolóxico na xente nova, que está tendo actitudes que non a tiña a xente da súa época, non sabe se algo se está facendo mal como sociedade, e os pequenos e pequenas , non sabe se son as redes Sociais, dende o CIM estase traballando moito en Educación que é a base.

Intervén D. Emilio José Sánchez agradece o apoio da súa iniciativa. Quere facer público, para ceder o espazo do Centro Cívico para promocionar unhas xornadas de defensa persoal, agradece o voto favorable e véranse o 8 de marzo na rúa.

Intervén o Sr. Alcalde manifesta que el nunca se meteu con D<sup>a</sup> Elena Candía o que vostedes din foi debido a unha batucada dos deputados do Partido Popular con cascos de obra, o que dixo foi que semellan o que fixeron os americanos que entraban no capitolio, vostedes levaronno ao parlamento, en todo caso en tono humorístico, pero nunca en contra da señora Candía, el podía dicirlle porque non leva un fotógrafo home en vez de levala a vostede, cre que o seu delegado

últimamente estivo pouco afortunado, e el podía dicir cousas aí, e non as dixo, pero non lle dixo a ningunha señora como fixo el “mueve el culo”, non veña vostede como perdonando a vida porque el non fixo nada e senón están as hemerotecas, efectivamente el concorda coa igualdade hai que practicalo todos os días, e o día que non haxa que falar do día da muller, do día do anciano, do discapacitado sería estupendo, pero vivimos na sociedade que vivimos, uns dos aspectos importantes é a educación da xente máis nova porque van ser os adultos de mañá.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros /as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros do Grupo Mixto e dúas abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

**12º.- MOCIÓN DE ESPERTA MONFORTE PARA A VARIACIÓN DO PROXECTO DE REFORMA DO PAVILLÓN DA PINGUELA.**

O ditame é favorable á moción, cun voto a favor do concelleiro D. Jaime Germán Vázquez Pérez Grupo Mixto-Esperta Monforte! e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias, Grupo Mixto-BNG, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

*“1. Paralizar o proxecto e cambiar previo consenso das aportacións presentadas polas entidades deportivas e os grupos municipais, dando o tempo necesario para recoller estas melloras para non precipitarse.*

*2. Ampliación dos servizos municipais xa que actualmente dependemos das instalacións da Consellería de Educación e de seguir utilizándoas adecuadas axeitadamente as necesidades dos clubs cas utilizan, dotándoas de servizos tan básicas como son a calefacción e auga quente”.*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez anuncia que vai facer “in voce “ un rogo e unha pregunta ven de aclaración a esta iniciativa. Di que eles técnicamente o espírito da moción a apoian, o que ven a facer é modificar o alto do pavillón que é algo primordial e imprescindible para a práctica de diversas modalidades deportivas. Fala da reforma do campo da Pinguela que durou máis tempo do debido, colocouse a iluminación, neste tipo de materias e infraestruturas sendo realista, é moi mellorable, para ser suaves. No pasado pleno tamén comentou nunha pregunta “in voce” se era coñecedor do campo pequeno de fútbol 7, dixo que tiña constancia, as había, de feito algún deportista se lastimou ninha rodilla supuestamente pola ondulación do campo. Empezar o primeiro campo sexa o dos Escolapios, que menos deportistas o utilizaba, non o fixeron foi un erro, fala de que se poña en valor o espazo das Lamas, non o fixeron, agora viña mo ben para descargar.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que antes de entrar a falar deste tempo. Non é primeira vez que comenta aquí o traballo quitando fotos ao delegado da Xunta, di

que non é o seu cometido primordial que son tres compañeiros no gabinete que soe ser a que lle acompaña, as veces e ela a que propón, non é unha cuestión por xénero, e que ela é unha mandada, unha muller traballadora. Cando se debateu neste pleno a probación do crédito e do proxecto para a refoma do pavillón xa o seu partido manifestou votou en contra, faltaba información do crédito que se solicitou, en canto á subvención deses fondos parécelle correcto que non se perdan esas oportunidades, pero quizás a reforma debería prantexarse dunha maneira menos ambiciosa, fala dun pavillón novo máis humilde máis simple para que fóra menos costoso, e se lle puidera dar aos monfortinos outra pista, descoñecen en que punto o expediente. Comparten a proposta de poder paralizar ese proxecto, poder realizar un proxecto máis sinxelo e poder ampliar co remanente outras instalacións necesarias.

Intervén D. Ibán Torres fala da moción que trouxo D. Germán no mes de novembro. O mesmo alcalde que o goberno estaba traballando nun proxecto máis ambicioso. Este proxecto é a reforma integral do pavillón. A reforma do pavillón da Pinguela, a actuación irá a cargo nunha liña de instalacións deportivas. O máis importante que todo isto que o prazo de execución ten como data límite o 30 de setembro do 2023.. un dos aspectos máis relevante das actuacións, e a eficiencia enerxética, o proxecto destina máis de 2.500.000,00 euros, con cargo a esta subvención e a este prazo é imposible abordar a ampliación da altura do pavillón. Ese consenso como vostede prantexa na moción suporía renunciar de plano á reforma proposta, o que vostede busca é que non se poda facer. Cando vostede foi falar cos clubs, fronte ao Concello, gustaríalle saber como unha obra desta magnitude perxudica aos usuarios/as, vostede debería reflexionar porque vostede vota en contra, estase ante unha situación histórica e moi importante, é unha oportunidade única. Fala de que chegaron a escoitar que as obras se fan a espaldas das entidades deportivas, se alguén se atopa en contacto coas entidades é este alcalde.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que isto o escribiu o sr. Tomé , esto é Esperta Monforte, D. Emlio non quere dicir que é un desastre, vostedes non van poder facer ningunha competición internacional, como non sexa de taekwondo, o que quere esperta Monforte é que se acometa o que sexa necesario, o que piden é que se faga unha reforma sobre iso, a diferenza de cartos que se gasten noutro pavillón, vostedes non falan con ninguén e moi probablemente o concellero de deportes non teña nin idea e por iso non lle permiten que se reúnan con eles. Vostedes algo deberían mirar para o embigo, eles queren que se fagan, ao mellor de pavillóns pode falar el moito máis.

Intervén D. Emilio Sánchez di que el non está en contra de que se fagan as cousas, o que se trata de que cando de inverten 4 millóns de euros, unha vez que se fai é facelo ben que é o que demanda a sociedade, claro que todo é mellorable, por exemplo en ámbito do deporte é moi mellorable, cando se equivoca un, hai que dicirlle que se está equivocando aínda que teña limitados os movementos. Levan días queixando a xente no campo de fútbol, porque non funcionan os toldes, non se

recuperou o día da bicicleta, en definitiva, todo é moi mellorable a xestión do Concello de Monforte é sota, cabalo, rei.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que a súa posición quedou bastante clara a súa posición. Consideran que chega tarde a moción e dado pola actitude que toman polo menos solicitan que saía ben que non se precipiten que non pase como cos tuneles de Renfe no norte do país. Así que xa que se vai invertir eses cartos en prazo record, coidéanse moito de que saía todo ben.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que se queda moi tranquilo que non fala de Germán. Aquí nadie sabe nada máis que vostede, D. Germán mire unha cousa cre que vostede non viu nin o proxecto, a segunda proposta que fai vostede, o Concello é consciente da necesidade máis que ninguén das necesidades. O que lle resulta inasumible que cando se vai fadcer unha obra de 4 millóns de euros, ao que vostede se opón.

Intervén D. Jaime Germán di que Esperta Monforte non se nega a que se faga a obra, eles cren que 2 destes catro millóns , non arranxca o problema das pistas, son uns mentirosos neste caso din que el chamou aos país, de que estiveron a punto d erecoller firmar, Esperta Monforte quere que se faga a obra o que non queren que se faga a obra da maneira que queren vostedes, o tema non é que a depuradora quede moito mellor, ao mellor con 3 valía, e isto é o mesmo eles non faloron con ningún pai, si é certo que eles faloron cos clubs implicados, vostedes son uns mentirosos, o Sr. Germán Vázquez Esperta Monforte non quere que se faga a obra así porque lle parece que é tirar os cartos ao río, non mintan, non chamaron a ningún pai e non recolleron firmas.

Intervén o Sr. Alcalde di que non lle vai entrar ao trapo, un pode dicir as cousas con toda a contundencia que queira. ( o Sr. Alcalde chama a orde a D. Germán Vázquez). En segundo lugar os país e algún club se o dixo, son vostedes o que andan tratando de mobilizar con éxito nulo, a eles llo contan e cre antes a eles que a vostede, eles non son asamblearios e gobernan co seu programa. Cando a vostedes lles conven din que os que gobernan son vostedes ,por iso asumen as responsabilidades, vostedes si que minten, no punto primeiro da moción din paralizar o proxecto , non se pode facer porque se perdería a subvención. De verdade, cre que os cidadáns van tomar boa nota do seu paso por este Concello, ademáis quere que estean a súa disposición os funcionarios os concelleiros.

E logo D. Emlio di que é mellorable no deporte, pero non so no deporte, vostede comprobe as inversións na memoria democrática. Lembra que non fai moi tempo dicía alguén que gobernou en Monforte tiña boas instalacións deportivas, se daquelas tiña boas, porque agora son malas se son as mesmas. Fala vostede dunha posible lesión, preguntouno e o técnico de deportes lle dixo que non, foi alguna cuestión que se quixo quitar de tono. Fala vostedes dun toldos, foron postos no 2004-2005 cando era concelleiro de Deportes quén lle fala. A el parécelle que a sociedade demanda o que está facendo este goberno, non sabe vostede de quén esta rodeado, no mes de maio vaise saber se a sociedade conecta con eles ou non.

Dille a D<sup>a</sup> Katherinie fai unhas conxesturas se está o contrato asinado, hai cousas que están condicionadas, hai contratacións anticipadas, vostede que está de asesora debería sábelo. Fala dun pavillón máis simple, igual que se dixo que se estaba traballando nun proxecto máis importante, todo chegará, non imaxinan o que vai ser. E logo fala vostede dos tuneles, pensa que non é tan de humor, o ponte da Pedrafita fíxose na etapa do Sr. Salgado cando era conselleiro de Fomento, daquela non dimitiu ninguén e agora si houbo, cando poña un exemplo procure que non haxa cousas peores que as que fixeron vostedes.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros /as do Grupo Municipal Socialista e catro votos a favor dos concelleiros do Grupo Mixto e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

**13º.- MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA AO IMPULSO DE MEDIDAS ENCAMIÑADAS A BLINDAR, GARANTIR E DEFENDER OS DEREITOS DAS MULLERES ASÍ COMO PROMOVER A IGUALDADE REAL ENTRE MULLERES E HOMES DE GALIZA.**

O ditame é favorable á moción, con dous votos a favor dos concelleiros do Grupo Mixto e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

*“1. A Corporación do Concello de Monforte de Lemos mostra o seu apoio ás distintas mobilizacións convocadas polo feminismo galego o 8 de marzo en defensa dos dereitos das mulleres e o seu compromiso por promover a igualdade real entre mulleres e homes.*

*2. A Corporación Municipal do Concello de Monforte de Lemos insta á Xunta de Galiza a:*

*1. A Creación do Instituto Galego das Mulleres como organismo público encargado de deseñar, impulsar, asesorar e avaliar as políticas de igualdade e promover a sensibilización da sociedade co obxectivo de conseguir a igualdade real entre mulleres e homes en Galiza.*

*2. Creación da Unidade de saúde mental integral das mulleres, que planifique, coordine e impulse unha estratexia de atención integral na que se establezan liñas prioritarias de investigación en saúde da muller que permita avanzar no coñecemento das doenzas que afectan ás mulleres, revisar os patróns de síntomas e seguir a evolución das enfermidades. Así mesmo, atenderá a incorporación do enfoque de xénero en todo o proceso de formación e garantirá a abordaxe de xénero na atención sanitaria.*

*3. Creación da Valedoría das Mulleres con capacidade para sancionar administrativamente ás empresas que cometan acción de discriminación salarial ou profesional por cuestións de xénero.*

*4. Estender o protocolo do Partido Xudicial de Santiago de Compostela encamiñado a impedir a re-vitimización das mulleres vítimas de violencia sexual durante o proceso xudicial.*

*5. Elaborar un Plan de extensión dos servizos públicos en materia de coidados incrementando o número de prazas públicas de escolas infantís, centros de día e de discapacidade co obxectivo de garantir a co-responsabilidade social. “.*

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros /as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros do Grupo Mixto e dúas abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

**Procédese a votación da inclusión por urxencia de tres puntos na orde do día, resultando aprobada por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e Grupo Mixto e dúas abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.**

**14º.- APROBACIÓN DO PROXECTO CONSTRUTIVO DE MELLORAS NA REDE SANEAMENTO DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO) FASE II. ACTUACIÓNS NA GALERIA BAIXO PRAZA COMPAÑÍA-RÚA CARUDE, COLECTOR MALLOADAS E RÚA CONCEPCIÓN ARENAL-ROSALÍA DE CASTRO-MORÍN. PDMS MIÑO-SIL ALCH0SBET29UR2024-XGXG0SBED29UR0044.**

**Transcribe a proposta:**

- I. *Con data 29.06.2020 o Pleno da Corporación prestou aprobación ao CONVENIO ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL O.A. E O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA A FINANCIACIÓN DA REDACIÓN DUN ESTUDO DE ALTERNATIVAS PARA A MELLORA INTEGRAL DO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE MONFORTE DE LEMOS, E PARA A FINANCIACIÓN, EXECUCIÓN E ENTREGA DA SEGUNDA FASE DAS OBRAS DE MELLORA DO SANEAMENTO URBANO DESTA LOCALIDADE, por un importe total de 2.400.000,00 €.*
- II. *Con data 22.02.22 presentase o proxecto CONSTRUTIVO DE MELLORAS NA REDE SANEAMENTO DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO) FASE II. ACTUACIÓNS NA GALERIA BAIXO PRAZA COMPAÑÍA-RÚA CARUDE, COLECTOR MALLOADAS E RÚA CONCEPCIÓN ARENAL-ROSALÍA DE CASTRO-MORÍN. PDMS MIÑO-SIL ALCH0SBET29UR2024-XGXG0SBED29UR0044 por un importe de 2.003.773,88€ para a execución das obras, unha vez descontado do total do convenio o gasto realizado para a realización do Estudo de Alternativas para a Mellora Integral do Saneamento e Depuración de Monforte de Lemos, que ascende a 396.926,12 €.*

*Polo exposto PROPOÑO, que polo Pleno do Concello de Monforte se adopte o seguinte acordo:*

**PRIMEIRO.-** *Aprobar o PROXECTO CONSTRUTIVO DE MELLORAS NA REDE SANEAMENTO DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO) FASE II. ACTUACIÓNS NA GALERIA BAIXO PRAZA COMPAÑÍA-RÚA CARUDE, COLECTOR MALLOADAS E RÚA CONCEPCIÓN ARENAL-ROSALÍA DE CASTRO-MORÍN. PDMS MIÑO-SIL ALCH0SBET29UR2024-XGXG0SBED29UR0044 por un importe de 2.003.773,88 €.*

**SEGUNDO.-** *Poñer a disposición os terreos de titularidade municipal necesarios para a execución da obra en virtude do establecido no punto sétimo da cláusula*



*novena e na cláusula décima do Convenio subscrito con data 11 de novembro do 2020, poñendo de manifesto que, en relación cos terreos de titularidade privada acordouse o inicio do expediente de expropiación polo pleno da Corporación con data 30.01.2023.*

**TERCEIRO.-** *Remitir á Confederación Hidrográfica do Miño-SIL OA. o acordo do pleno de aprobación do citado proxecto en virtude do establecido no punto catro da cláusula novena do Convenio. “*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde aclarando a explicación da urxencia e a probación do proxecto que a aprobar e polos puntos por onde se vai realizar a obra.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que votan a favor da urxencia por calidade democrática e neste caso porque así o precisan, van votar a favor destas dúas iniciativas.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez amosando o seu voto a favor.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que cando escoitaron que ían facer novas inversións é o que se anunciou no ano 2020. Non sabe que porque os veciños da Estación polos cortes de auga, alegranse que fora así, e que se executen estas obras. Agora soamente esperen que se leve a cabo estas melloras do saneamento, a pesar de que lles chegou hoxe, e non puideron ver e ler coa debida dilixencia. Por outra banda, vostede nalgún punto deste pleno falou deste asunto, e falou de que a Xunta na colaboraba, faláron moito do saneamento, é unha competencia municipal, subsidiariamente das deputacións provinciais. Ao longo dos anos a Xunta de Galicia colabora cos municipios.. o saneamento é algo moi custoso para un Concello, dixo vostede antes que lle pediu colaboración económica a Consellería de Infraestruturas e lle dixeron que non, esperarían que vostede presentara un proxecto e houbera falado formalmente.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o comportamento do Concello coa Xunta é totalmente diferente que o deles. Mire D. Emilio o que dixo vostede antes en relación co alivio parte está aí con ese túnel, por iso deixaron xa na etapa do parque dos condes dende o Cardenal alí, todo o mundo pode mirar quen fixo ese alivio, isto parece ser que senón elimine totalmente pero que quitar ese alivio de aí costa máis de 6 millóns de euros, e as choivas, todos ven a televisión e cando hai trombas entra en casas en baixos, en todos os sitios, cando en 20 minutos caen 40 litros claro que hai un problema, ao fluir todo nese punto, o saneamento que hai, non o fixeron eles. Dille a D<sup>a</sup> Katherinie fala vostede que este convenio xa o anunciaron no 2020, igual que vostedes, cando asinan un convenio o teñen que dicir como calquera goberno, e logo o estudio xa dixo quen o dirixiu, se lle levou dende o 2020 ata agora. Sabe canto di agora que figura nese estudo que dirixiu esa persoa fala de 25 millóns de euros, o dobre do que dicití Augas de

Galicia, e agora unha vez rematado o estudio e coñecido cales son as necesidades, ruído na estación, é o primeiro que lle pide desculpa polas roturas que hai, pero ruído pola estación, hai unha amiga súa, facendo nel, todos sabemos cal é a potestade da Valedora do Pobo, entón realmente que queren facer máis ruído o arranxar o problema, tamén é conveniente non falar de veciños cando é un veciño ou veciña. Ten razón nuha cousa, na premura, pero tamén lle di é que non queren perder un mes en que liciten, e logo fala vostedes da competencias, que pena que o canon puxeron vostedes o Sr. Feijoo, resulta que os Concellos son os cobradores do frac e todo para Augas de Galicia pero de volta ningún euro dende o ano 2012.

Intervén D. Emilio José dicindo que cando chove chove para baixo, pola física cando corre a auga corre dos altos para os baixos.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela di que seguirán a ningunha conclusión os dous. Fala das obras da rúa do Morín para a instalación da tubería, di que ela escoitou nos medios de comunicación, dicindo que debería botar unha man. O que fixo foi reiterar nos medios de comunicación, di que ela se interesa, vostede sinalaba a sra. Ethel, quén esta valorando esa solicitude é un funcionario, contestan que adolece de certos defectos, quince puntos, porque ela o viu como asesora do delegado e lle contesta e se lle di, non lle parece ben que se sinale á conselleira, porque está en mans dun técnico da administración de Lugo, houbeselle gustado que o fixera doutra forma. Tanto neste punto como no seguinte o van a apoiar lles parece que son inversións positivas para a cidade.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o proxecto o aproba o Concello polo tanto non teñen que entrar no proxecto, o único que se pediu foi realizar unha zanja para meter a tubería, teñen que entrar avalorar a afeccións dos bens na Xunta, pero vostedes de que van, dígalles alí que non é da súa competencia, e como se o Estado entrara a valorar un proxecto da Xunta para a N-120, non teñen que valorar nada o proxecto. Despois en vez de mandar nada ao Concello, mandan unha nota de prensa, pero ao Concello non a manda, iso para que é para tratar de danar a imaxe do Concello, neste Concello ao alcalde, a sra. Ethel non saberá disto pero é a máxima responsable. Hai personal que está mareando a perdiz, cando se fixo o parque do hospital, pediuse permiso para a mesma entrada e a denegaron, pero por favor, e logo en algo que non competentes obrigan a xirar cara baixo, pero para non entrar en tonterías. En todos os actos pasa o mesmo. Os redactores do proxecto falan persoalmente co xefe de AXI de Lugo non lle quixo dar unha resposta e vostede quere que vai a "lamber non sei que cousa". Vostede escoitou que falou moi ben dos de Patrimonio que xa deron o permiso, porque hai unha parte en Dr. Casares polo que discurre o Camiño de Inverno, ese permiso xa o teñen. E o permiso da Consellería de Cultura que é facer unha zanja se entreteñen dicindo que hai 15 defectos. Non todos os técnicos opinan igual, non veña vostede con esa música que non hai tempo para iso.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

**15º.- APROBACIÓN DO PROXECTO CONSTRUTIVO DA NOVA EDAR E EMISARIO PARA O POLÍGONO INDUSTRIAL DO REBOREDO, T.M DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO), PDM MIÑO-SIL ES010\_2\_ALCHOBET29UR2024.**

**Transcríbese a proposta:**

- I. *“Con data 26.12.2022 o Pleno da Corporación prestou aprobación ao CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN PLURIANUAL ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL, O.A E O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA A FINANCIACIÓN, EXECUCIÓN E ENTREGA DAS ACTUACIÓNS DE MELLORA DO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE REBOREDO, T.M DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO).*
- II. *Con data 30.01.2023 o Pleno da Corporación prestou aprobación definitiva DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN PLURIANUAL ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL, O.A E O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA A FINANCIACIÓN, EXECUCIÓN E ENTREGA DAS ACTUACIÓNS DE MELLORA DO SANEAMENTO E DEPURACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE REBOREDO, T.M DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO).*

*Polo exposto PROPOÑO, que polo Pleno do Concello de Monforte se adopte o seguinte acordo:*

**PRIMEIRO.-** *Aprobar o DO PROXECTO CONSTRUTIVO DA NOVA EDAR E EMISARIO PARA O POLÍGONO INDUSTRIAL DO REBOREDO , T.M DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO), PDM MIÑO-SIL ES010\_2\_ALCHOBET29UR2024, por un importe de 4.186.307,76 €*

**SEGUNDO.-** *Remitir á Confederación Hidrográfica do Miño-SIL OA. o acordo do pleno de aprobación do citado proxecto.”*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde explicando o proxecto e o motivo da urxencia do mesmo.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela manifestando que non sabe o que quixo dicir.

Intervén D. Jaime Germán manifestandoque soamente pide que se escoite non lle pode parecer mal.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que se refire á Xunta non a ningunha persoa.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

**16º.- RESOLUCIÓN RECURSOS REPOSICIÓN INTERPOSTOS CONTRA A APROBACIÓN DEFINITIVA DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS E DO INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS.**

*Visto o informe emitido polo Secretario xeral do seguinte tenor literala:*

*“Analizados os recursos de reposición contra a desestimación da súa alegación, en relación coa aprobación inicial da Relación de postos de traballo do concello de Monforte de Lemos, alegación que foi resolta na aprobación definitiva da RPT, en data 26 de decembro de 2022, dos seguintes empregados públicos, presentados nas datas detalladas a continuación:*

*-D. José Luis Rodríguez Rodríguez. (Presentado o 31/01/2023 con nº de rexistro de entrada 2023/1995)*

*-D. José Antonio Fernández Fernández. (Presentado o 01/02/2023 con nº de rexistro de entrada 2023/2066)*

*-D. Rafael López Sutilo. (Presentado o 02/02/2023 con nº de rexistro de entrada 2023/2158)*

*-D. Francisco Javier Rodríguez Casares. (Presentado o 02/02/2023 con nº de rexistro de entrada 2023/2216)*

*Procede informar:*

*Antecedentes:*

*1º.- O Pleno da Corporación, na súa sesión ordinaria celebrada o día 26 de decembro do 2022 prestou aprobación definitiva á Relación de Postos de Traballo do Concello de Monforte de Lemos e do Instituto Municipal de Drogodependencias, coa súa descrición, valoración e fixación de complemento de destino, valoración do complemento específico, así como as fichas descritivas das funcións de cada un dos postos de traballo.*

*2º.- O Secretario Xeral do Concello de Monforte de Lemos, sobre as alegacións presentadas, emitiu con data 16/12/2022 informe, do tenor literal seguinte:*

*“INFORME DE SECRETRÍA XERAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS.*

**ANTECEDENTES**

*Acta Pleno ordinario 27.02.23*

1º.- O Alcalde-Presidente do Ilmo. Concello de Monforte de Lemos remite, para informe, as alegacións presentadas ao acordo do Pleno de 31 de outubro de 2022, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo con data 4 de novembro de 2022, polo que se procedeu á aprobación inicial da Relación de Postos de Traballo do Concello de Monforte de Lemos e do Instituto Municipal de Drogodependencias.

2º.- Finalizado o prazo para presentación das alegacións o día 2 de decembro de 2022, presentáronse as seguintes:

Alegacións presentadas por empregados/as públicos/as (individuais ou colectivas):

.....  
.....

- D. Francisco Javier Rodríguez Casares.
- D. José Antonio Fernández Fernández.
- D. José Luis Rodríguez Rodríguez.
- D. Rafael López Sutilo.

.....  
.....

#### NORMATIVA APLICABLE

- Constitución Española de 1978.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRLRL).
- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos Funcionarios de Administración Local.

- *Lei 22/2021, do 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022.*
- *Lei 17/2021, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.*

*En virtude diso, emítese o presente*

## **INFORME**

### **RAZOAMENTOS XURÍDICOS**

*PRIMEIRO.- No ámbito local, as retribucións complementarias dos/as empregados/as públicos/as da Administración Local ateranse en todo caso á estrutura e criterios de valoración obxectiva das do resto dos/as empregados/as públicos/as públicos/as.*

*En función disto último, o artigo 93 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, seguindo os criterios da lexislación básica sobre Función Pública, establece que as retribucións básicas dos/as empregados/as públicos/as locais terán a mesma estrutura e contía que as establecidas con carácter xeral para toda a Función Pública, e que as retribucións complementarias ateranse á estrutura e criterios de valoración obxectiva das do resto dos/as empregados/as públicos/as públicos/as, aínda que a súa contía global será fixada polo Pleno da Corporación, dentro dos límites máximos e mínimos que se fixen polo Estado. Anualmente, no Orzamento das corporacións locais reflectiranse as contías das retribucións dos/as seus/súas respectivos/as empregados/as públicos/as nos termos que se prevexan na lexislación básica sobre Función Pública.*

*Neste mesmo sentido exprésanse os artigos 153 e 154 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRLRL), ao dispoñer que :*

*“Artigo 153.*

*Os/as empregados/as públicos/as de Administración local só serán remunerados/as polas Corporacións respectivas, polos conceptos establecidos no artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto.*

*Na súa virtude, non poderán participar na distribución de fondos de ningunha clase nin percibir remuneracións distintas ás comprendidas na devandita Lei nin, mesmo, por confección de proxectos, ou dirección ou inspección de obras, ou orzamentos, asesorías ou emisión de ditames e informes.*

*As cantidades procedentes dos indicados fondos incluíranse no orzamento de ingresos das Corporacións.*

*A estrutura, criterios de valoración obxectiva, no seu caso, e contías das diversas retribucións dos/as empregados/as públicos/as de Administración local, rexeranse polo disposto no artigo 93 da Lei 7/1985, do 2 de abril.*

*Artigo 154.*

*A Lei de Orzamentos Xerais do Estado para cada ano fixará os límites ao incremento das retribucións ou gastos de persoal das Corporacións locais.*

*Cando tales límites fagan referencia á contía global das retribucións dos/as funcionarios/as, entenderanse sen prexuízo das ampliacións de plantillas que poidan efectuarse, de acordo co disposto no artigo 126.2 e 3 desta Lei.*

*O disposto no parágrafo segundo do número anterior non obstará a que, pola Lei de Orzamentos ou por outras leis especiais ou conxunturais, poidan establecerse regras específicas para certos casos ou limitacións á contía das retribucións individuais.*

*A ordenación do pago de gastos de persoal terá preferencia sobre calquera outro que deba realizarse con cargo aos fondos da respectiva Entidade. Regulamentariamente regularase o procedemento substitutivo para o percibo polos/as interesados/as das cantidades que indebidamente deixasen de satisfacerse.”.*

*As retribucións dos/as empregados/as públicos/as locais quedan así reguladas en termos xerais conforme ao previsto no Capítulo III do Título III, artigos 21 e seguintes do TREBEP; con todo, de acordo coa Disposición Derrogatoria Única e a Disposición Final 4ª, a regulación do Capítulo III do Título III só producirá efectos a partir da entrada en vigor das Leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento deste Estatuto.*

*O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), en relación con esta materia, dispón nos seus artigos 22, 23 e 24 o seguinte :*

*“Artigo 22. Retribucións dos/as funcionarios/as.*

*As retribucións dos/as empregados/as públicos/as de carreira clasifícanse en básicas e complementarias.*

*As retribucións básicas son as que retribúen ao/á funcionario/a segundo a adscrición do seu corpo ou escala a un determinado Subgrupo ou Grupo de clasificación profesional, no caso de que este non teña Subgrupo, e pola súa antigüidade no mesmo. Dentro delas están comprendidas os compoñentes de soldo e trienios das pagas extraordinarias.*

*As retribucións complementarias son as que retribúen as características dos postos de traballo, a carreira profesional ou o desempeño, rendimento ou resultados alcanzados polo/a funcionario/a.*

*As pagas extraordinarias serán dúas ao ano, cada unha polo importe dunha mensualidade de retribucións básicas e da totalidade das retribucións complementarias, salvo aquelas ás que se refiren os apartados c) e d) do artigo 24.*

*Non poderá percibirse participación en tributos ou en calquera outro ingreso das Administracións Públicas como contra prestación de calquera servizo, participación ou premio en multas impostas, aínda cando estivesen normativamente atribuídas aos servizos.*

*Artigo 23. Retribucións básicas.*

*As retribucións básicas, que se fixan na Lei de Orzamentos Xerais do Estado, estarán integradas única e exclusivamente por:*

*O soldo asignado a cada Subgrupo ou Grupo de clasificación profesional, no caso de que este non teña Subgrupo.*

*Os trienios, que consisten nunha cantidade, que será igual para cada Subgrupo ou Grupo de clasificación profesional, no caso de que este non teña Subgrupo, por cada tres anos de servizo.*

*Artigo 24. Retribucións complementarias.*

*A contía e estrutura das retribucións complementarias dos/as empregados/as públicos/as estableceranse polas correspondentes leis de cada Administración Pública atendendo, entre outros, aos seguintes factores:*

*A progresión alcanzada polo/a funcionario/a dentro do sistema de carreira administrativa.*

*A especial dificultade técnica, responsabilidade, dedicación, incompatibilidade esixible para o desempeño de determinados postos de traballo ou as condicións en que se desenvolve o traballo.*

*O grao de interese, iniciativa ou esforzo con que o/a funcionario/a desempeña o seu traballo e o rendimento ou resultados obtidos.*

*Os servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo.”*

*Neste apartado, e en relación co asunto que nos ocupa, convén facer especial fincapé no contido do artigo 24 en canto que regula en xeral a percepción de*



*retribucións complementarias polos/as empregados/as públicos/as públicos/as en xeral, sobre todo por canto que expresamente vén establecer unhas factores aos que a Administración ten que atender á hora de fixar este tipo de remuneracións, e dentro destes moi especialmente non xa o que corresponde ao apartado a) referido á progresión profesional do/a empregado/a público/a, senón ao do apartado b) que se refire á especial dificultade técnica, responsabilidade, dedicación, incompatibilidade esixible para o desempeño de determinados postos de traballo ou as condicións en que se desenvolve o traballo. Artigo este que entendemos posúe unha importancia relevante na materia pois marca a pauta para seguir na fixación das retribucións por parte de todas as Administracións públicas para o común dos/as empregados/as públicos/as.*

*SEGUNDO.- Especificamente para a Administración Local, a percepción de retribucións polos/as empregados/as locais vén regulada no Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos/as Empregados/as públicos/as de Administración Local, e no ámbito das retribucións complementarias, especialmente centrados no concepto de "Complemento de Destino", o artigo 3 desta disposición vén dispoñer o seguinte :*

*"Artigo 3. Complemento de Destino*

*Os intervalos dos niveis de postos de traballo dos/as empregados/as públicos/as de Administración Local serán os que en cada momento se establezan para os/as empregados/as públicos/as da Administración do Estado.*

*Dentro dos límites máximo e mínimo sinalados, o Pleno da Corporación asignará nivel a cada posto de traballo atendendo a criterios de especialización, responsabilidade, competencia e mando, así como á complexidade territorial e funcional dos servizos en que estea situado o posto.*

*En ningún caso os/as empregados/as públicos/as de Administración Local poderán obter postos de traballo non incluídos nos niveis do intervalo correspondente ao grupo de titulación en que figure clasificada a súa Escala, Subescala, clase ou categoría.*

*Os Complementos de Destino asignados pola Corporación deberán figurar no orzamento anual da mesma coa contía que estableza a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para cada nivel.*

*A teor diso chámase a atención respecto do contido intrínseco do artigo en canto que a asignación de niveis de Complemento de Destino, do mesmo xeito que o Complemento Específico, aos distintos postos de traballo que conforman a Relación de postos de traballo do Concello debe realizarse, polo Pleno da Corporación, en atención a criterios taxados de especialización, responsabilidade, competencia e mando, así como á complexidade territorial e funcional dos servizos en que estea situado o posto nun caso, e a criterios de especial dificultade técnica, dedicación, incompatibilidade, responsabilidade, perigo ou penosidade no outro, é*

*dicir, débense establecer sempre conforme criterios “obxectivos” asignados a cada posto de traballo, en función das características propias destes, sen que en ningún caso caiba a consideración de cualidades ou circunstancias “subxectivas” na súa fixación.*

*A conceptualización do devandito Complemento retributivo parte das seguintes premisas e fundamentos:*

*O Complemento de Destino pódese definir, de conformidade co art 23.3 a) da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública (norma esta que aínda que está derogada, resulta aplicable co alcance e a vixencia establecidos na disposición final 4.2, pola disposición derogatoria única. b) da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, texto refundido aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro) como o correspondente ao nivel do posto de traballo que se desempeña. Como avala a Xurisprudencia é un concepto retributivo de natureza obxectiva, directamente vinculado ao desempeño dun posto de traballo e independentemente de quen sexa o/a funcionario/a que o poida desempeñar (do mesmo xeito que o Complemento Específico). Definición que en termos xerais explíctase para os/as empregados/as locais con arranxo ao xa indicado artigo 4 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril.*

*É un Complemento retributivo xeral (a diferenza do Complemento Específico) e a súa contía depende en principio do nivel asignado ao mesmo e a súa contía, para cada nivel, e actualízase con carácter xeral nos Orzamentos Xerais do Estado de cada ano. En definitiva, para a súa determinación só se ten en conta o posto de traballo ao que se lle asigne un determinado nivel. Iso quere dicir, por outra banda, que cada nivel sucesivo na escala vai representar un maior estadio de dificultade e importancia do posto de traballo ao que vén referido.*

*Estas características diferencian das retribucións básicas (entre outros aspectos), pois estas vincúlanse á titulación esixida para o ingreso como funcionario/a na Administración e coa capacitación técnica esixidas para o acceso ao Corpo e tamén o diferencian do Complemento Específico, xa que as circunstancias singulares, especiais ou de responsabilidade de cada posto de traballo, como a especial preparación técnica requirida para a súa desempeño, a dedicación especial, etc., teranse en conta para retribuír por este concepto pero non se poden ter en conta para a determinación do Complemento de Destino.*

*O Tribunal Supremo determinou que co Complemento de Destino retribúese a especial preparación engadida á xenérica para ingreso na función pública ou a especial responsabilidade que leva a adscrición a un servizo determinado o cal, nos termos establecidos podería dar lugar a certa confusión co Complemento Específico (STS 3 marzo 1994).*

*Non é un Complemento persoal nin individual pois as características persoais do/a funcionario/a non afectarán de ningún xeito ao Complemento fixado para o*

*correspondente posto de traballo. É por iso que o Complemento de Destino debe ser o mesmo xa sexa o/a funcionario/a de novo ingreso ou posúa experiencia, sexa cal for a súa procedencia ou o título xurídico que habilita o seu desempeño.*

*Por outra banda, a asignación de Complementos de Destino aos postos de traballo permite ao/á funcionario/a consolidar graos, pola súa permanencia durante un certo tempo nos mesmos, co cal poderá controlar en certo xeito a súa propia carreira profesional. Neste sentido os/as empregados/as públicos/as teñen dereito a percibir polo menos, o Complemento de Destino correspondente ao seu grao persoal, calquera que sexa o posto de traballo que desempeñe. Ademais o/a funcionario/a non poderá obter postos de traballo non incluídos nos niveis de intervalo correspondente ao grupo en que figure clasificado o seu Corpo ou Escala, existindo certa discrecionalidade pola Administración para a asignación do concreto nivel de Complemento de Destino asignado a cada posto pois dependerá da valoración que se faga de cada posto pola Administración e que se determinará na RPT, que deberá ser o máis obxectivas e equitativas posibles, pois dela dependen os efectos económicos que, en esencia, son importantes.*

*Neste sentido poñer de manifesto que a RPT do Concello de Monforte de Lemos determinou os Niveis de Complemento de Destino con base no “Manual de Valoración”, obxectivando a súa puntuación para a concreción dos niveis que lle correspondían a cada posto de traballo. Tamén é de subliñar que a práctica totalidade dos postos teñen sido valorados con un Complemento de Destino que, en moitos casos, e o máximo permitido pola normativa aplicable, e todos eles superando amplamente aos tramos máis frecuentes de determinación do dito Nivel.*

*Por elo, en canto ás alegacións presentadas, temos que poñer de manifesto que conceptos como os de responsabilidade, penosidade, dedicación, etc. nos que practicamente baséanse todas as alegacións, reclamando unha puntuación superior, xa teñen sido valorados á hora de determinar o Complemento de Destino. É dicir ter unha puntuación de, por exemplo, 0 puntos no factor de atención ao público no Complemento Específico non significa que ese posto, en concreto, non teña unha valoración por ese concepto, xa que é un dos criterios para valorar o Complemento Destino, o que significa é que non concorren circunstancias “especiais” nese factor que aconsellen un plus na súa valoración.*

*En consecuencia e, en resumo, pode dicirse que o Complemento de Destino é un concepto retributivo referido ao contido de cada posto de traballo con relación á súa xerarquía na organización xa sexa pola especial preparación técnica ou responsabilidade que requira o desempeño ou polo nivel mínimo que teña asignado en razón do grupo ao que pertenza o/a funcionario/a. Por todo iso pode dicirse que o Complemento de Destino constitúe unha forma de retribuír o desempeño dun determinado posto de traballo, de maneira paralela á establecida para o Complemento Específico, prescindindo totalmente de circunstancias persoais do/a funcionario/a que o desempeñe, sen prexuízo de que este deba*

*reunir os requisitos que se esixan para cubrir o mesmo na correspondente relación de postos de traballo.*

*TERCEIRO- Igualmente que no punto anterior, especificamente para a Administración Local, a percepción de retribucións polos/as empregados/as locais vén regulada no Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o Réxime das Retribucións dos/as Empregados/as públicos/as de Administración Local, e no ámbito das retribucións complementarias, especialmente centrados no concepto de "Complemento Específico", o artigo 4 desta disposición vén dispoñer o seguinte :*

*"Artigo 4.º Complemento Específico.*

*O Complemento Específico está destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos de traballo en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, incompatibilidade, responsabilidade, perigo ou penosidade. En ningún caso poderá asignarse máis dun Complemento Específico a cada posto de traballo, aínda que ao fixalo poderán tomarse en consideración conxuntamente dúas ou máis das condicións particulares mencionadas que poidan concorrer nun posto de traballo.*

*O establecemento ou modificación do Complemento Específico esixirá, con carácter previo, que pola Corporación efectúese unha valoración do posto de traballo atendendo ás circunstancias expresadas no número 1 deste artigo.*

*Efectuada a valoración, o Pleno da Corporación, ao aprobar a relación de postos de traballo, determinará aqueles aos que lles corresponde un Complemento Específico, sinalando a súa respectiva contía.*

*En relación coa determinación do Complemento Específico temos que facer referencia á Sentenza do Tribunal Supremo de data 21 de maio do 2019 que no seu Fundamento de Dereito VII procede a realizar unha completa síntese da doutrina do TS sobre a materia en atención aos distintos ámbitos funcionariais que afecta, citando anteriores fallos e destacando:*

*«Tras a distinción anterior, ha de dicirse que a razón pola que a sentenza recorrida anulou a RPT non é porque o contido desa descrición e desagregación non se acomode ás indicacións que establece o artigo 15.1.b) da Lei 30/1984 LMRFP ou ás circunstancias determinantes do Complemento Específico que enumera o artigo 24.2 da mesma lei . A verdadeira razón desa anulación, como resulta do argumentado no seu FJ quinto, foi considerar, con base nos concretos elementos probatorios que expresamente menciona e na valoración que efectúa de tal proba, que os elementos e circunstancias reflectidos nesa descrición e desagregación non se apoiaron nunha correcta e efectiva valoración de cada un dos postos de traballo.*

*E todo elo coa finalidade de destacar a relevancia da singularidade de cada posto de traballo na atribución do Complemento específico. Tamén son significativas a Sentenza do 22 de decembro de 1994, recurso apelación 600/1993 que reproduce*

*no esencial a precedente do 1 de xullo de 1994, en tal caso sobre as características do art. 23.3.b) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, coincidente en parte co actual art. 74 do Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, RD Legislativo 5/2015, do 30 de outubro que expresa que:*

*» Resulta claro que dentro dun mesmo Centro ou Dependencia administrativa empregados/as públicos/as do mesmo Grupo poden desempeñar postos de traballo aos que corresponda distinto Complemento Específico: é o contido do posto de traballo o que determina o Complemento Específico.*

*A xurisprudencia citada expresa claramente como o contido do posto e Complemento Específico son inseparables, e para fixar o segundo hai que coñecer ao primeiro, e posteriormente engade:*

*«Vemos, pois que a nosa doutrina tanto no ámbito da función pública estatal ( STS 22 decembro de 1994), función pública local, (3 de outubro de 2012) función xurisdiccional de xuíces e maxistrados ( STS 3 de marzo de 2006) entenden que a determinación ou asignación de Complementos Específicos vinculados ao posto de traballo responden ao contido do posto de traballo singularizado o que aínda que pode esixir un estudo complexo e laborioso por parte da administración que corresponda non pode ser eludido.»*

*Este estudo complexo e laborioso foi realizado polo Concello de Monforte de Lemos en orde á determinación do Complemento Específico, e tamén ao Complemento de Destino como se puxo de manifesto no punto anterior. En efecto, redactáronse o manual de valoración de ambos Complementos con criterios claros e obxectivos, negociouse o contido dos mesmos e aplicouse a puntuación, de forma obxectiva, en función de cada un dos factores.*

*Pese a poder parecer reiterativo, o análise das alegacións presentadas tense que facer desde a a óptica de que:*

*1º.- Todos os postos de traballo teñen atribuído un Nivel de Complemento de Destino.*

*2º.- No Complemento de Destino xa se valoran as características propias do posto de traballo de acordo co nivel de progresión alcanzado polo empregado/a público/a.*

*3º.- Non todos os postos de traballo teñen que ter un Complemento Específico xa que este Complemento valora “as condicións particulares dalgúns postos de traballo”.*

*4º.- O feito de que non se teñan en conta determinados factores na valoración do Complemento Específico non determina que no posto de traballo valorado non se tiveran en conta os criterios aos que se fai referencia (responsabilidade,*

*perigosidade, penosidade, dedicación, etc.) xa que eses criterios xa poden ser valorados á hora de determinación do Complemento de Destino, que ten en conta ditas circunstancias e, en xeral, “á complexidade territorial e funcional dos servizos en que estea situado o posto”.*

#### **ANÁLISE DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS**

*1º.- A Relación de Postos de Traballo do Concello de Monforte de Lemos e do Instituto Municipal de Drogodependencias foi aprobada por acordo do Pleno de 31 de outubro de 2022, e foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo con data 4 de novembro de 2022, finalizando o prazo para presentación das alegacións o día 2 de decembro de 2022.*

*2º.- No prazo concedido ao efecto presentáronse as seguintes alegacións:*

*Alegacións presentadas por empregados/as públicos/as individuais:*

.....  
.....

*5º.- D. FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ CASARES, OPERARIO DE ACTIVIDADES CULTURAIIS.*

*ALEGA SOBRE O POSTO: OPERARIO EDIFICIOS CULTURA*

*Manifesta que se produce unha modificación na denominación do posto ao aparecer na RPT como operario/a de edificios e fai unha relación dos cometidos establecidos pola ficha técnica descritiva, e manifesta que, de acordo con esa descrición, atópase a disposición de calquera servizo que se lle ocorra tanto ao Alcalde como á Delegada de cultura que son os seus superiores xerárquicos.*

*Manifesta que as súas funcións son do máis variado e chámalle a atención que, a día de hoxe percibe un Complemento Específico de 10.156,79 € anuais e que a RPT o establece en 8.350,00 € anuais o que supón unha diminución de 1.906,79 € anuais e que iso deriva dunha mala valoración realizada na RPT.*

*Sinala que a puntuación é absolutamente arbitraria e engade que o deseño da valoración foi realizada por unha comisión que ocupa na que participa un funcionario/a ao que se lle incrementa o seu Complemento Específico e unha sobrevaloración do seu posto de traballo e, polo tanto cabe sospeitar que nesta RPT tívose en conta o grao de simpatía ou non, que provocan os integrantes da comisión avaliadora.*

*En relación ao posto de traballo de Operario/a de edificios culturais manifesta que se amosa mal valorado en conceptos como xornada, dedicación, turnicidade de traballo en sábados e domingos e festivos e, no seu caso, servizos diferentes edificios culturais do Concello cando se levan a cabo actividades culturais e manifesta a súa dispoñibilidade absoluta. É mañá, tarde e noite e non ten valoración do Complemento Específico. Con só cinco puntos é moi inferior aos*

*outros que realizan horario só de mañás, e ademais que os factores de responsabilidade aos que se outorga cero puntos, cando nas súas funcións figura a de vixiar os espazos e custodiar os materiais e supón unha responsabilidade e polo tanto, conclúe que se debe cambiar a puntuación.*

*Independentemente de valoracións meramente subxectivas sobre o procedemento de valoración dos postos de traballo, pola Comisión creada ao efecto, hai que poñer de manifesto que o funcionario, ao que fai referencia, non formou parte de dita Comisión nin tivo intervención algunha na puntuación outorgada a cada un dos factores. Por outra banda as alegacións, subxectivas e infundamentadas, referidas ás simpatías dos membros da Comisión son absolutamente incertas e inxustificadas. En calquera caso o conxunto das retribucións do alegante non sofren diminución de ningún tipo, xa que, ao ter persoalmente unha retribución maior ca do posto valorado, a diferenza aboaráselle en concepto de complemento persoal transitorio.*

*Polo que refire ao contido do posto de traballo, como en alegacións anteriores doutros postos de traballo de operarios, hai que poñer de manifesto que as funcións que se establecen para o posto na ficha descritiva responden ás necesidades municipais e atópanse dentro do grupo de clasificación do posto.*

*Neste sentido é de destacar, como no caso anterior, que o posto de operario/a de edificios, na RPT inicialmente aprobada, asignase un Complemento de Destino 14, e os límites entre os que se atopa o Grupo C2, de acordo co Real Decreto 158/1996, de 2 de febreiro, atópanse entre o NCD 7 e o NCD 14. No caso do posto de traballo, como se pode observar valórase co nivel de CD 14, o máximo para este Grupo de clasificación entendendo que as funcións que se lle atribúen ao posto están correctamente valoradas.*

*Don Francisco Javier Rodríguez Casares manifesta a súa disconformidade coa valoración do Complemento Específico en tan só 75 puntos, xa que considera que atópanse mal baremados os factores de atención ao cidadá con 0 puntos; o factor de xornada e dedicación con 5 puntos e o factor de responsabilidade onde se lle outorgan 0 puntos.*

*O alegante realiza funcións de operario de mantemento no edificio Multiusos do Concello de Monforte de Lemos e, unha vez analizadas as características do posto de traballo e a ficha descritiva do mesmo pódese comprobar que non concorren circunstancias especiais que determinen unha superior valoración en ditos conceptos, xa que logo as funcións do posto, en relación cos factores expostos xa atópanse retribuídas no Complemento de Destino. Elo por canto o réxime de retribucións dos/as empregados/as públicos/as da Administración Local establecido no Real Decreto 861/1986, de 25 de abril do Réxime de Retribucións dos/as empregados/as públicos/as da Administración Local recolle os conceptos retributivos, ademais do Complemento Específico.*

*Con base no citado Real Decreto o traballo desenvolvido polo persoal municipal ven retribuído, en primeiro lugar, polas retribucións básicas en función do grupo de clasificación e, no que se refire ás retribucións complementarias, non só figura o Complemento Específico, senón tamén o Complemento de Destino no que se tivo tamén en conta na súa valoración factores como a especialidade, responsabilidade ou competencia.*

*O feito de que se atenda ao/á cidadán/á non determina, sen máis, a procedencia da valoración dese factor por enriba do xa valorado no Complemento de Destino. Igual reflexión procede realizar en canto aos outros conceptos aos que se refire, é dicir ao factor de xornada e dedicación que, igualmente foron tidos en conta, de acordo co manual de valoración, no momento de fixación do Complemento de Destino.*

*Non obstante, no caso de D. Francisco Javier Rodríguez Casares, como el mesmo expón, sí se teñen valorados eses factores, se ven non na intensidade pretendida que, por certo, baséase nunha fundamentación xenérica pero sen xustificar as circunstancias que acreditarían a aplicación dunha puntuación superior.*

**6.- D. JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ. PEÓN XARDÍNS ALEGA SOBRE O POSTO: OPERARIO/A MEDIO AMBIENTE**

*Solicita se proceda a revisar e mudar as funcións descritas para o seu posto de traballo e se reformule o seu posto como Oficial/a equivalente a C2, procede informar o seguinte:*

*Na primeira das alegacións, Don José Antonio manifesta que ata de agora prestaba servizos para o concello como “operario de parques e xardíns”, se ben, na RPT que se ven de aprobar figura como “operario/a de medio ambiente” o que segundo manifesta repercute nas funcións asignadas ao seu posto de traballo.*

*Dentro desta facultade de auto organización, o Concello de Monforte denomina o que antes figuraba como parques e xardíns como Medio Ambiente, sen que isto supoña que o posto de operario/a pase a ter unhas funcións distintas ás propias desta categoría profesional, non sendo posible asignar funcións de oficial/a a un posto de operario.*

**7º.- D. JOSÉ LUIS RODRIGUEZ RODRÍGUEZ, PEÓN XARDÍNS ALEGA SOBRE O POSTO: OPERARIO/A MEDIO AMBIENTE**

*Manifesta que era operario de parques e xardíns e na RPT, pasa a denominarse operario/a de medio ambiente e que se modifica as figuras asignadas ao seu posto de traballo. Relaciona a ficha descritiva, as funcións que se realizan e engade que moitas funcións están engadidas ao posto de traballo de orixe cando nunca fixo esas funcións, e non se corresponden ao seu xuízo, coas funcións de operario/a de*



*xardíns e a nova denominación de operario/a de medio ambiente, e, polo tanto, aseméllanse ás figuras para o posto de oficiais de xardíns, xa que realiza podas en altura e utiliza motoserras e tesoiras eléctricas y manuais, o que implica traballos de mantemento de ferramentas e limpeza de vías para o que se utiliza diverso material como sopradores á vez que fai deseño e mantemento de rego, e polo tanto, solicita que se convertan ditas funcións, se cualifique o seu posto de traballo en oficial/a ou equivalente.*

*Con relación ao cambio de denominación poñer de manifesto que as denominacións dos postos de traballo que se fan na RPT derivan das necesidades organizativas municipais e esa RPT é o instrumento xurídico válido para realizalas.*

*Polo que se refire ás novas funcións que se establecen para o posto na ficha descritiva estas responden igualmente ás necesidades municipais e atópanse dentro do Grupo de clasificación do posto e correspóndese coas que xa viña realizando.*

*Neste sentido é de destacar, como no caso anterior, que o posto de operario/a de medio ambiente , na RPT inicialmente aprobada, asígnase un Complemento de Destino 14, e os límites entre os que se atopa o Grupo C2, de acordo co Real Decreto 158/1996 de 2 de febreiro, atópanse entre o NCD 7 e o NCD 14. No caso do posto de traballo, como pode observarse valórase co nivel de CD 14, o máximo para este Grupo de clasificación entendendo que as funcións que se lle atribúen ao posto están correctamente valoradas.*

.....  
.....

**13º.- D. RAFAEL LÓPEZ SUTILO. PEÓN DE CEMITERIOS ALEGA SOBRE O POSTO: OPERARIO CEMITERIO.**

*Transcribe a ficha descritiva do seu posto de traballo e as funcións referidas ao mesmo e analiza a valoración que se realizou en cada un dos factores e que da lugar a unha concreción de 75 puntos para a determinación do Complemento Específico e o que tradúcese de feito de que se valora cunha cantidade de 1.250,00 € o que supón 235,32 menos euros dos que viña percibindo. Manifesta que o manual de valoración do Complemento Específico é un documento absolutamente confuso sen xustificar cal é o tipo de escuridade que plantexa dito documento, se ben é certo é que é un documento técnico de especial complexidade de comprensión pero, no que quedan determinados con claridade os criterios que se valoran para establecer cada unha das puntuacións.*

*Analiza pormenorizadamente cada un dos factores. Alega que debería facerse unha valoración maior en factores como o da responsabilidade, valórase con cero puntos, cando dí que o posto de traballo é responsable de todo o que ocorre na instalación. Igualmente, no factor de penosidade, di que se non se valora o esforzo*

*físico, psicolóxico e mental derivado das condicións ambientais e que polo tanto necesita unha valoración superior que se valora con 10 puntos, é dicir, a puntuación máis baixa no nivel de valoración. En relación co factor de competencia social de atención cidadá, que se valora con cero puntos, manifesta que debe ter unha valoración superior, pois ten que atender e informar ao público. Alega tamén no referido á xornada, dedicación e dispoñibilidade, xa que presta os seus servizos en sábados e domingos e que polo tanto igualmente, debería de ter unha valoración superior dado que os cemiterios abren todos os días do ano e, polo tanto, solicita que se proceda a revisar e cambiar por maior puntuación a outorgada para o Complemento Específico en relación con ditos factores.*

*En relación con esta alegación de D. Rafael sinalar, como en casos anteriores, o Real Decreto 861/1986, de 25 de abril do Réxime de Retribucións dos/as empregados/as públicos/as da Administración Local, recolle os conceptos retributivos, ademais do Complemento Específico, polos que se retribúe aos/as empregados/as, e a diferenza do Complemento de Destino que debe ser valorado para todos os postos da organización, o Complemento Específico só ten que atribuírse a aqueles postos de traballo nos que concorran determinadas condicións de intensidade.*

*Unha vez analizadas as funcións que o propio alegante pon de manifesto no seu escrito e a ficha descritiva do seu posto de traballo, compróbase que non existen esas especiais condicións que acrediten unha valoración superior do Complemento Específico. Ter en conta que as funcións que realiza encádranse todas elas no Grupo de titulación ao que pertence: "Agrupacións profesionais", e encádranse todas elas dentro da valoración que, de acordo co manual de valoración do Complemento de Destino, se fixo, non apreciándose elementos que determinen unha especial intensidade nos conceptos de especialización, responsabilidade, competencia e mando, así como a complexidade territorial e funcional dos servizos en que estea situado o p o s t o .*

*Neste sentido é de destacar que o posto de operario do cemiterio, na RPT inicialmente aprobada, asignase un Complemento de Destino 14, e os límites entre os que se atopa o Grupo C2, de acordo co Real Decreto 158/1996, de 2 de febreiro, atópanse entre o NCD 7 e o NCD 14. No caso do posto de traballo, como se pode observar valórase co nivel de CD 14, o máximo para este Grupo de clasificación entendendo que as funcións que se lle atribúen ao posto están correctamente valoradas. En calquera caso o conxunto das retribucións do alegante non sofren diminución de ningún tipo, xa que, ao ter persoalmente unha retribución maior ca do posto valorado, a diferenza aboaráselle en concepto de complemento persoal transitorio.*

.....  
.....

Con base no transcrito Informe PROPOÑO que polo Pleno se adopten os seguintes acordos:

*PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas por polos empregados/as públicos/as (individuais ou colectivas) seguintes:*

.....  
.....  
*D. Francisco Javier Rodríguez Casares.*  
*D. José Antonio Fernández Fernández.*  
*D. José Luis Rodríguez Rodríguez.*  
*D. Rafael López Sutilo.*  
.....

.....”  
*3º.- Os recursos presentados polos recorrentes reiteran os argumentos esgrimidos nas alegacións presentadas, no trámite de audiencia posterior á aprobación inicial da RPT. En efecto non aporta ningún razoamento novo que desvirtúe a resolución da súa alegación presentada, no seu día, polo que non cabe máis que reiterar os argumentos do informe emitido por esta Secretaría Xeral, con data 16/12/2022.*

*Con base no anteriormente exposto PROPOÑO que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos adopte os seguintes acordos:*

*1º.-Desestimar o recurso de reposición presentado por: Don José Francisco Javier Rodríguez Casares, D. José Antonio Fernández Fernández, D. José Luis Rodríguez Rodríguez e D Rafael López Sutilo, con base no informe da Secretaría Xeral do Concello de Monforte de Lemos, de data 16/12/2022 que serve de motivación.*

*2º.- Notificar o presente acordo ós interesados cos recursos pertinentes.”*

*Polo exposto PROPOÑO, que polo Pleno do Concello de Monforte se adopte o seguinte acordo:*

***PRIMEIRO.-*** *Desestimar o recurso de reposición presentado por: Don José Francisco Javier Rodríguez Casares, D. José Antonio Fernández Fernández, D. José Luis Rodríguez Rodríguez e D Rafael López Sutilo, con base no informe da Secretaría Xeral do Concello de Monforte de Lemos, de data 16/12/2022 que serve de motivación.*

***SEGUNDO.-*** *Notificar o presente acordo ós interesados cos recursos pertinentes”*

*De seguido prodúcense as seguintes intervencións:*

*Intervén Dª Gloria María Prada explicando a proposta da alcaldía.*

Intervén D. Emilio José Sánchez di que se vai abster.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez amosa a súa abstención, di que esta RPT a fixeron vostede, non van voltar ao mesmo.

Intervén D<sup>a</sup> Katherinie Varela amosa a súa abstención. Di que son os recursos finais do procedementos dos empregados se o consideran.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e Grupo Mixto.

### **PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN**

#### **17º.- INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (DE 30.1.2023 E 12.02.2023 (3)).**

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

#### **18º.- DACIÓN DE CONTA DO PERIODO MEDIO DE PAGO E MOROSIDADE, 4º TRIMESTRE 2022.**

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 4º trimestre de 2022, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 8,41 € e a efectos de cumprir co disposto no artigo cuarto da Lei 15/2010, preséntanse no Pleno os seguintes informes, tanto do Concello como do Instituto Municipal de Drogodependencias, correspondentes ao 4º trimestre de 2022:

- De cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais.
- De morosidade.

#### **19º.- DACIÓN DE CONTA DE EXECUCIÓN ORZAMENTO DO 4º TRIMESTRE 2022.**

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 4º trimestre de 2022, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.

#### **20º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

### **ROGO ESPERTA MONFORTE ; RE 3569**

*Acta Pleno ordinario 27.02.23*

Pregamoslle que como alcalde de Monforte e Presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo faga as xestións necesarias na Deputación de Lugo para arranxar os problemas de seguridade viaria que teñen os veciños de Piñeira na estrada da Deputación que une Monforte con Sober o seu paso por dita parroquia.

Resposta o Sr. Alcalde se quere dixirirxe á Deputación diríxase vostede el non fai de carteiro, en segundo lugar non é verdade que haxa ningún perigo.

#### **PREGUNTA ESPERTA MONFORTE! RE 3570**

Estase instalando unha antena de telefonía nun edificio na rúa Roberto Baamonde colindante co casco histórico. Ten tódalas autorizacións municipais necesarias este proxecto?

Resposta o Sr. Alcalde que o 17 de agosto de American Tower España solicita autorización, o día 23 de agosto emitese informe considerando unha alteración grave, a Directora Xeral de Patrimonio denega autorización, o 5 de outubro a empresa presenta recurso de alzada, a consellería estima o recurso de alzada. Por outra banda, en dominio privado para instalacións radioeléctricas a lei 12/2012 a licenza previa será substituída por declaración responsable, as licenzas de obras por instalacións de telecomunicacións en instalacións privadas, o 21 de novembro a arquitecta municipal emite un informe, na Xunta de Goberno Local do 28 de novembro concedeuse licenza para a instalación dunha estación base de telecomunicacións.

#### **PREGUNTA 1 PARTIDO POPULAR RE 4044**

**En que situación se atopa actualmente o arranxo integral anunciado polo Ministerio de 15 millóns de euros no tramo da zona sur da provincia de Lugo da N-120?**

Resposta o Sr. Alcalde que el non é do Ministerio de Transportes, non pode dar eses datos que non os ten.

#### **PREGUNTA 2 PARTIDO POPULAR RE 4044**

**Que servizo ofrece o Concello a través da aula Cemit na actualidade?**

Resposta a Sra. Gloria M<sup>a</sup> Prada di que é verdade que on se pode modificar do horario da aula Cemit e o programa Sea quen ten que modificar este horario, non teñen coñecemento, funcionan coa aula Cemit a través da páxina web do Concello. Sempre tivo moita aceptación. Agora mesmo celebrouse un novo convenio e agora van incluír unha serie de material que veña nestes días.

**ROGO 1 PARTIDO POPULAR, RUA POETA MANUEL MARIA**

**Rogamos proceda a cambio o tráfico desta rúa establecendo un sentido único e prazas de aparcamento.**

Resposta o Sr. Alcalde que a rúa Manuel María no proxecto xa vai en dobre dirección e aparcamento soamente nun lado.

**ROGO 2 PARTIDO POPULAR, INSTALACIÓNS DEPORTIVAS FÚTBOL**

**Que se permita máis uso no Campo da Pinguela sobre todo neste momento de final de temporada no que o Campo Luis Bodegas está parado por obras.**

Resposta o Sr. Alcalde que xa se está permitindo, di que eles aquí se tivo ao Bóveda moito tempo xogando aquí.

**ROGO "IN VOCE" DO BNG**

**Acondicionen na medida do posible o campo de fútbol das Lamas.**

Resposta o Sr. Alcalde agora mesmo non é posible.

**PREGUNTA "IN VOCE " DO BNG**

**Fala dun rogo para que o Concello de Monforte celebre o día da bicicleta , vostede respostou que non o organizaba o Concello e se alguén o organizaba que contara co Concello. Os clubs reuniron e fixeron unha proposta, que se respostou por parte do Concello que xa tiña pensado organizar o día da bicicleta, vaise celebrar o día da bicicleta antes do 28 de maio**

Resposta o Sr. Alcalde que antes do 28 de maio non se vai celebrar o día da bicicleta.

Remata a sesión sendo ás once horas e corenta e tres minutos do mesmo día. De todo o que antecede, eu Secretario, dou fe.

Vº e Pce

O ALCALDE